


Guía de Arqueobotánica



María Martín Seijo, Aldara Rico Rey, Andrés Teira Brión,
Israel Picón Platas, Ignacio García González, Emilio Abad Vidal

Guía de Arqueobotánica

Autores:

María Martín Seijo, Aldara Rico Rey,
Andrés Teira Brión, Israel Picón Platas,
Ignacio García González, Emilio Abad Vidal

Conselleiro de Cultura e Turismo

Roberto Varela Fariña

Director Xeral do Patrimonio Cultural

José Manuel Rey Pichel

Subdirector Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Federico Garrido Villa

Xefe do Servizo de Arqueoloxía

Eugenio Rodríguez Puentes

Edición

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Coordinación xeral

Eugenio Rodríguez Puentes
M^a de la Paz Varela Campos
Servizo de Arqueoloxía, Xunta de Galicia

Revisión lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Rosario Baleirón Sónora

Tradución ao inglés

Jon Brokenbrown

Fotos da tapa

Os Autores

Deseño, maquetación e impresión

Unidixital

ISBN: 978-84-4534892-5 (da obra completa)

ISBN: 978-84-4534893-2 (deste volume)

Depósito Legal: C 623-2010

Copyright dos textos os autores
Copyright das fotografías os autores
Copyright da edición Xunta de Galicia

Agradecementos:

A Josefa Rey, Raquel Piqué, Ramón Buxó, Carmen Mensua e Chus Jordá.

A Iñaqui Vilaseco, Xurxo Constela e Clíodhna Ní Lionáin pola revisión do texto.

A Bieito Pérez pola súa colaboración na definición nos criterios de musealización e inventario.

A Andrés Bonilla (P&A Arqueólogos), María José Bóveda (Gabinete de Arqueoloxía), Xurxo Constela (Citania Arqueoloxía), Julia Mayo (Maytor), Jose López e Fidel Méndez (Past), Víctor Rúa e Iñaqui Vilaseco (GEPN) pola cesión de fotografías das súas intervencións.

A Mario César (P&A Arqueólogos), María Jesús Iglesias e Miguel Sartal (Adro Arqueolóxica) pola súa colaboración nos traballos de estudo dos materiais das saíñas do Areal.

A César e Manuel Candamo Bueno pola cesión das súas fotografías de materiais.

Índice

Presentación do Conselleiro de Cultura e Turismo	7
Presentación do Director Xeral do Patrimonio Cultural	9
1. Introducción.....	11
2. Tipos de evidencias arqueobotánicas.....	13
2.1. Froitos e sementes	15
2.2. Madeiras arqueolóxicas: carbonizadas, anegadas ou mineralizadas	17
2.3. Impresións vexetais	20
2.4. Fibras vexetais	21
3. Mostraxe.....	23
3.1. Estratexias de mostraxe e tipos de mostra	23
3.2. Criterios de recollida, extracción e almacenaxe provisional	27
4. Laboratorio	43
4.1. Selección de mostras para a análise	43
4.2. Proceso de traballo.....	45
5. Criterios de inventario, musealización e embalaxe	59
5.1. Criterios para o inventario e musealización de restos arqueobotánicos	59
5.2. Sistemas de embalaxe	60
6. Información ofrecida pola arqueobotánica	63
7. Glosario	71
8. Datos de interese	73
9. Para saber máis	75
10. Bibliografía	77

Presentación

Gustaríame comezar esta presentación lembrando a importancia fundamental da arqueoloxía –máxime nun país cunha riqueza e densidade histórica coma Galicia– e apuntando algunha das ideas principais recollidas na Carta internacional para a xestión do patrimonio arqueolóxico, adoptada polo ICOMOS en 1990: “É un feito amplamente aceptado que o coñecemento das sociedades humanas reviste unha importancia fundamental para toda a humanidade, xa que serve para identificar as súas raíces culturais e sociais (...). O patrimonio arqueolóxico constitúe o testemuño esencial das actividades humanas do pasado”.

Unha das necesidades da arqueoloxía como disciplina científica é dispor das ferramentas necesarias para o estudo e análise dos restos arqueolóxicos, o seu rexistro e documentación.

A través desta nova serie, Arqueoloxía: guías metodolóxicas, a Consellería de Cultura e Turismo pretende contribuír ao coñecemento desta disciplina e das súas ciencias auxiliares, que axudan na interpretación do rexistro arqueolóxico. Trátase de poñer á disposición dos investigadores e profesionais unha colección de traballos de síntese, útiles para as actuacións arqueolóxicas que se están a desenvolver na nosa comunidade autónoma e cun alto rigor científico.

Este primeiro volume da serie está dedicado á arqueobotánica. Trátase dunha guía que desenvolve os temas da recollida de mostras, a súa extracción e selección e o posterior estudo da información ofrecida polas análises dos elementos vexetais recuperados das escavacións arqueolóxicas.

Na *Guía de arqueobotánica* participan especialistas de diversos eidos. A multidisciplinariedade será un factor común a todos os volumes da colección, ao asumir que, diversificando os puntos de vista, as metodoloxías empregadas e os criterios técnicos e axiolóxicos, se dota dunha maior riqueza o estudo resultante. Desde a Consellería de Cultura e Turismo confiamos en que esta nova serie resulte unha ferramenta útil para a investigación arqueolóxica en Galicia.

Conselleiro de Cultura e Turismo
Roberto Varela Fariña

Presentación

A *Guía de arqueobotánica*, primeiro volume da serie Arqueoloxía: guías metodolóxicas, facilita datos de interese que cómpre ter en conta na elaboración do proxecto de intervención arqueolóxica, para prever a recollida de mostras vexetais e analíticas que hai que realizar, a súa conservación e embalaxe. Ademais acompáñase de información complementaria en soporte dixital, formularios e etiquetas, base de datos e informes de diversas actuacións, co fin de facilitar a organización e planificación dos traballos.

A *Guía de arqueobotánica* ten por obxecto proporcionar orientación sobre os criterios e métodos da arqueoloxía nesta materia, fornecendo directrices e material para a recuperación dos materiais orgánicos en contextos arqueolóxicos, pero non debe substituír a presenza nin o asesoramento de especialistas en proxectos específicos, nin o desenvolvemento doutras metodoloxías nin procedementos recomendados.

Por último, tan só queda agradecerlles aos autores e ás persoas que fixeron posible esta nova publicación o seu esforzo.

Director Xeral do Patrimonio Cultural
José Manuel Rey Pichel

Introdución

Esta guía ten como obxectivo proporcionarlle aos arqueólogos unha síntese sobre os tipos de mostras máis habituais nos xacementos arqueolóxicos galegos, os métodos máis axeitados para a súa recollida, extracción e embalaxe en campo, os criterios para realizar unha selección de mostras e envialas ao laboratorio, as condicións de conservación e embalaxe definitiva e a información achegada polas análises arqueobotánicas.

As análises arqueobotánicas pódense aplicar en todo tipo de xacementos, a única limitación que podemos atopar é a ausencia de restos. Polo demais, de todos os restos arqueobotánicos localizados en contextos

arqueolóxicos podemos extraer datos de interese ecolóxico, económico, social etc. Debemos de ter en conta que este tipo de análises son máis habituais en xacementos prehistóricos e protohistóricos aínda que poden ser aplicados tamén en xacementos de cronoloxías recentes (Idade Media a ata o século XX).

A planificación da recollida de mostras é fundamental para conseguir uns datos representativos e unha boa preservación dos restos arqueobotánicos ata o momento da análise. Esta planificación comeza coa redacción do proxecto de intervención no que, en función do tipo de xacemento e da cronoloxía, se debería de establecer unha previsión de tipos de estruturas para mostraxe, materiais necesarios para a almacenaxe e posibles análises para realizar, entrando xa dende este momento en contacto cos especialistas. A realización dunha correcta previsión facilitará en gran medida o traballo que se vai realizar durante a intervención arqueolóxica, que debe de ser coordinado sempre co especialista e de acordo cuns criterios establecidos: asignación dos códigos de mostra, rexistro mediante fichas estandarizadas e coordenadas absolutas, adecuación de lugares e materiais para a almacenaxe das mostras, criterios de conservación preventiva etc. Este traballo facilitará a selección posterior do material para a análise polo especialista e a preservación dos restos arqueobotánicos en boas condicións ata a súa embalaxe final.




Fig. 1. Representación esquemática na que se indican o tipo de restos arqueobotánicos conservados en función do tipo de condicións deposicionais (modificado a partir de VV.AA., 2002).

2

Tipos de evidencias arqueobotánicas

Os grupos humanos utilizan os recursos vexetais do contorno con distintas finalidades: aprovisionamento de leña ou madeira para a construción e carpintería, recollida de froitos silvestres para o consumo, elaboración de tecidos e cordas, confección de estruturas vexetais e recipientes... Tamén son quen de alterar e modificar o medio natural para a súa subsistencia, como sucede coa obtención de terras de cultivo ou a xestión do bosque co fin de aproveitar os recursos forestais. Todos estes elementos vexetais son transportados ao espazo no que habitan, lugar onde pasan a formar parte do rexistro arqueolóxico como combustible dos fogares, material das construcións e dos obxectos elaborados en madeira, sementes e froitos procesados e consumidos, e xunto con eles todos os residuos producidos pola súa manipulación. De maneira xeral, podemos recuperar este tipo de restos nos xacementos asociados a estruturas arqueolóxicas ou dispersos no sedimento.

Os restos vexetais, unha vez soterrados, adaptación ao seu novo ambiente. Neste proceso de adaptación, o material interacciona co medio: primeiro sofre unha degradación acelerada e logo esta ralentízase ata chegar á súa estabilización, que en moitos casos representa a súa total descomposición. Unha vez escavados, os materiais vense outra vez expostos a un cambio de medio e a unha nova adaptación, o grao de alteración destes restos dependerá da intervención do arqueólogo e dos especialistas implicados no proceso de extracción e tratamentos recibidos.




Fig. 2. Esquema do proceso de alteración dun obxecto arqueolóxico. (Basado en Dowman, 1970)

Un material pode alterarse física, química ou bioloxicamente, pero a súa supervivencia en diferentes substratos pode ser predicible, salvo excepcións, por factores específicos do enterramento, polo tanto é posible e imprescindible planificar unha extracción. Os materiais inorgánicos xeralmente sobreviven ben en múltiples ambientes de enterramento, mentres que os orgánicos se deterioran facilmente. A forma máis común de atopar materiais orgánicos en contextos arqueolóxicos é por conservación directa:

- **Carbonizados:** como resultado da actividade humana, soamente manteñen as súas características físicas. É o modo máis habitual de preservación deste tipo de restos.

■ **Húmedos ou anegados:** en determinados lugares cun nivel freático elevado ou baixo a auga (ríos e ribeiras de ríos, mar e zonas de costa), debido ás condicións anaerobias nas que se atopaban soterrados, estes materiais poden conservarse. A súa degradación dependerá do lugar de conservación e da especie. En xeral, a degradación afecta determinados elementos constituintes da madeira: a hemicelulosa, a celulosa e a lignina.

■ **Semifosilizados:** excepcionalmente poden aparecer esqueletos de sílice que manteñen a forma e as características das paredes deste material. A sílice vai substituíndo os espazos deixados pola celulosa e deixa unha copia das paredes celulares. Este tipo de restos aparecen normalmente en ambientes cálidos en que os cambios de temperatura son pouco frecuentes, pero tamén se poden atopar no fondo de foxas ou pozos en zonas de substrato calcario e onde exista circulación de auga. Este material non flota, polo que o procesado deberá ser sempre realizado mediante cribado.

■ **Mineralizados:** especialmente no caso de fibras e madeira, e aparece a impresión destes materiais incluída nos produtos de corrosión do ferro e do bronce. En casos excepcionais, en que se dá a presenza de cobre, pódese conservar material orgánico. Isto é debido á acción biocida deste material (Gillard, Hardman, Thomas and Watkinson, 1994).

Por conservación indirecta sobre outros materiais:

■ **Impresións sobre arxila** de sementes, talos, pólas etc. que quedaron marcados nas paredes das vasillas cerámicas, fornos ou material de construción. Normalmente os restos vexetais están cubertos ou pegados á matriz arxilosa que, unha vez que é sometida á acción do lume pola realización de prácticas domésticas ou especializadas, ou incluso por incendios accidentais ou intencionados, desaparecen ao producirse unha combustión completa e só permanecen as súas pegadas sobre a arxila (ocasionalmente podemos recuperar restos carbonizados cando hai unha combustión incompleta).




Fig. 3. Dous modos habituais de conservación da madeira en contextos arqueolóxicos: carbonizada ou húmida.

Unha vez soterrados, os restos arqueobotánicos están afectados por todo tipo de procesos posdeposicionais, como a dispersión, as perturbacións físicas, químicas e biolóxicas, o transporte e a erosión, a destrución e preservación selectiva e a alteración vertical e horizontal (Rodríguez-Ariza, 1993; Marchessini, Arobba, 2003). Nos contextos arqueolóxicos, a dispersión das mostras arqueobotánicas está relacionada coa actividade antrópica e, especialmente, coas prácticas de mantemento e limpeza dos lugares de habitación. Con respecto ao transporte, os restos arqueobotánicos poden permanecer *in situ* ou ben ser transportados polo home ou polos axentes naturais (cursos de auga, movementos de terra etc.), o que pode chegar a provocar a perda de parte destes e a súa fragmentación, entre outras alteracións.

TIPOS DE SOLO	MATERIAIS	
Ambiente Seco:	Posible presenza de:	Ausencia de:
Solos neutros PH 5.5-7	– Madeiras e sementes carbonizadas – Madeiras fosilizadas – Sementes mineralizadas – Fibras mineralizadas	– Madeira – Sementes – Fibras
Solos básicos PH>7	– Pole e esporas – Impresións de arxila	(Poden aparecer materiais orgánicos pero altamente deteriorados)
Solos ácidos PH <5.5	– Madeiras carbonizadas – Sementes carbonizadas – Impresións de arxila – Pole e esporas – Fibras mineralizadas na presenza de cobre ou ferro	– Madeira – Sementes – Fibras Ausencia total de materiais orgánicos
Solos anegados:	– Madeiras carbonizadas – Sementes carbonizadas – Madeiras e sementes fosilizadas – Impresións de arxila – Madeiras e sementes mineralizadas – Madeira – Sementes – Pole e esporas – Fibras – Téxtiles	

Fig. 4. Táboa na que se recollen os restos arqueobotánicos que podemos recuperar en contextos arqueolóxicos en función do tipo de solo.

2.1. Froitos e sementes

As sementes ou pebidas son unha das formas máis frecuentes de reprodución vexetal, as plantas que se propagan desta forma denomínanse espermatófitas. A presenza deste tipo de restos nos xacementos arqueolóxicos achega, por unha banda, datos sobre a alimentación humana e outros aproveitamentos das plantas polas sociedades pretéritas e tamén información sobre a vexetación da contorna na que se desenvolven.

A grandes trazos podemos facer unha clasificación dos froitos e sementes en función do que significa o aproveitamento de cada planta, segundo nos atopemos ante especies silvestres, plantas colleitadas ou cultivos:

- As **plantas silvestres** son aquelas que nacen espontaneamente e non son aproveitadas polos grupos humanos. Aínda que unha planta non fose consumida ou a súa aparición nun contexto

arqueolóxico se producise de forma non intencionada, esta pode ofrecer información sobre as actividades antrópicas. Deste xeito, podemos diferenciar entre as plantas sinantrópicas (plantas adventicias acompañantes ou malas herbas), que varían dependendo do tipo de solo e do tipo de cultivo, e as plantas ruderais, que indican a existencia de áreas antropizadas polos grupos humanos ou por animais (Buxó, 1997): plantas que medran en vías ou zonas de tránsito, coma nas marxes dos camiños ou en zonas habitadas etc.

- As **plantas colleitadas** son aquelas que medran naturalmente, pero que son aproveitadas polas sociedades humanas. Isto implica tanto unha recollida eventual ou puntual, como unha certa xestión e adecuación dos espazos naturais para o seu aproveitamento. Un exemplo serían os amorodos, as landras, as abelás, as plantas aromáticas ou medicinais etc.



Fig. 5. Sementes de bagas de amoras (*Rubus fruticosus agg.*)

■ Os **cultivos** son especies domesticadas. As súas características están modificadas pola selección e regulación antrópica do seu ciclo biolóxico, que as adapta a un novo ciclo destinado a un mellor aproveitamento. Das tres áreas de aparición da agricultura (Próximo Oriente, China e Mesoamérica), as especies que chegan á península Ibérica nos inicios da agricultura, durante o Neolítico, proceden de Próximo Oriente, lugar no que se produce o proceso de domesticación. As primeiras especies domesticadas son o trigo, a cebada, a faba etc. Por esta razón débese falar de “expansión” destas especies domesticadas dende Próximo Oriente, xa que é unha das zonas onde aparecen os devanceiros silvestres destas plantas. Non obstante, existen especies que se foron domesticando noutras áreas, de feito poderíamos falar de cultivos europeos no caso da aveia (*Avena sativa*) e posiblemente no das *Brassicaceas*, como as coles.

En ocasións, ante a falla de vinculación dos restos a un contexto arqueolóxico, resulta complexo facer unha distinción entre que especies silvestres foron obxecto de consumo humano ou non, posto que a aparición de restos de determinadas plantas non implica directamente o seu consumo. Por exemplo, as ortigas (*Urtica* sp.) medran espontaneamente en zonas ruderalizadas con alto contido de nitróxeno e alta humidade, o que indica a existencia de áreas hu-

manizadas, pero non directamente o seu consumo. Atopáronse microrrestos nunha vasilla do xacemento romano de Agro de Ouzande (Silleda, Pontevedra) (Prieto *et alii*, 2003) que evidencian o seu uso alimenticio. Para distinguir entre un caso ou outro, precisamos da definición dos contextos arqueolóxicos nos que aparecen este tipo de restos.




Fig. 6. Pebida de vide da variedade cultivada arriba (*Vitis vinifera* subsp. *sativa*) e da variedade silvestre (*Vitis vinifera* subsp. *sylvestris*)

A aparición de froitos e sementes en contextos arqueolóxicos está vinculada ao seu proceso de colleita, procesado e/ou preparación alimentaria, conservación e almacenaxe e, finalmente, á eliminación de restos. Unha cuestión fundamental que cómpre ter en conta cando analizamos este tipo de restos arqueobotánicos é que os restos que aparecen nos xacementos son aqueles que non foron consumidos ou utilizados. Debido ás condicións dos solos galegos, os restos carbonizados son os máis frecuentes dentro dos xacementos arqueolóxicos. A carbonización de

sementes e froitos pode ter lugar por varias causas (Buxó, 1990):



Fig. 7. Sementes de ortiga (*Urtica dioica*) da saíña romana de O Areal (Vigo, Pontevedra)

- **Accidental:** en relación cun evento de combustión ou cun incendio, non existe unha intenciónalidade.
- **Relacionada coa súa manipulación** en contacto co lume. A eliminación de partes da planta non aptas para o consumo.
- **Durante a preparación para o consumo.** O tostado de sementes é unha práctica estendida, xa que ofrece diversas vantaxes: axuda á conservación dos alimentos como os cereais, pode formar parte da eliminación de diversas partes necesarias para a transformación dos cereais e facilita a eliminación das glumas que envolven as sementes para facilitar a moenda, produce un cambio nas propiedades gustativas de diversos alimentos. Esta última característica é significativa no caso das landras, xa que diversas especies de *Quercus* conteñen un tanino que lles dá un sabor amargo. Unha das formas de eliminar este sabor é mediante o seu tostado, proceso empregado previo ao moído das landras para o seu consumo como pan –como se constatou a través das fontes clásicas– ou papas (os taninos tamén poderían ser eliminados mediante a cocción).

2.2. Madeiras arqueolóxicas: carbonizadas, anegadas ou mineralizadas

A madeira é o conxunto de tecidos do xilema que forma o tronco, as raíces e as pólas dos vexetais leñosos (García et alii, 2003). É un material heteroxéneo formado por un conxunto de células especializadas que cumpren tres funcións fundamentais: a condución do zume, a transformación e almacenaxe dos produtos vitais e o sostén da planta. A parede celular da madeira está composta principalmente por lignina, celulosa e hemicelulosa. A lignina é practicamente impermeable e protexe o resto dos compoñentes da parede celular conferíndolles rixidez e resistencia, formando unha especie de canles ocos que conteñen a celulosa, que é o principal compoñente estrutural da madeira. As principais propiedades físicas da madeira son:

- A higroscopicidade: propiedade dalgunhas substancias de absorber e exhalar a humidade segundo o medio no que se atopan.
- A anisotropía: propiedade dos corpos en que as súas características físicas dependen da dirección, no caso das madeiras, das súas traqueidas estruturais.




Fig. 8. Esquema das diferentes capas do madeiro e dos planos anatómicos.

No eido macroscópico, podemos diferenciar na madeira, de fóra cara a dentro, varias capas: a cortiza ou casca, o sámag, a cerna e a medula. O sámag é a madeira encargada do transporte do zume bruto e ocupa o lugar máis externo do tronco; a medida que se crean novas capas de sámag estas van perdendo a súa función condutora e os seus elementos condutores son obturados por depósitos ou tílides. A formación da cerna caracterízase por modificacións anatómicas e químicas. Entre as modificacións anatómicas podemos sinalar nas frondosas a aparición das tílides e nas coníferas a oclusión das punteaduras areoladas; entre as modificacións químicas, as máis habituais son a acumulación de diversas substancias, resinas e aceites nas coníferas, e taninos e diversas substancias colorantes nas frondosas, que lle dan á cerna unha densidade e unha cor característica, protexendo a árbore fronte ao ataque dos fungos.



Fig. 9. Carballo (*Quercus* sp. caducifolio): detalle do aspecto macroscópico e microscópico do madeiro.





Fig. 10. Mostras preparadas para identificación de carbón (*Fabaceae*), madeira húmida (*Castanea sativa*) e madeira mineralizada (*Quercus* sp. caducifolio).

A madeira en contextos arqueolóxicos adoita aparecer carbonizada, anegada, húmida ou mineralizada. A análise deste tipo de restos permite obter información sobre a xestión do bosque (especies que se utilizaban como leña ou para construción e carpintería) e permite a reconstrución paleoambiental (especies existentes nos arredores dun asentamento a partir da identificación daquelas que se consomen). Ademais, se completamos a identificación taxonómica coa aná-

lise dendrolóxica, podemos obter datos sobre que tipo de leña se consumía (leña verde ou leña seca), cal era o calibre dos troncos ou pólas seleccionados para o consumo como combustibles ou na construción (medición de diámetros, medición da curvatura do anel), se existían prácticas de poda e silvicultura, se a madeira estaba afectada por entomofauna, e incluso reconstruír determinados aspectos da vida da árbore (se foi afectada por incendios, xeadas, enfermidades etc.).

As madeiras recuperadas en contextos arqueolóxicos correspóndense con:

- **Combustibles:** fragmentos de carbón localizados en estruturas de combustión ou dispersos polo sedimento, tanto no interior como no exterior de construcións ou lugares de habitación.
- **Estruturas:** os restos de estruturas poden aparecer carbonizados *in situ* no caso de que existise un incendio ou poden conservarse parcialmente no caso de que se realizasen determinadas prácticas de conservación da madeira, como a carbonización dos extremos inferiores dos postes etc.; en casos excepcionais nos que existe un nivel freático elevado, pode conservarse por completo a madeira das estruturas.
- **Obxectos:** igual ca no caso anterior, de producirse un incendio nun asentamento, os obxectos elaborados ou as evidencias do traballo de carpintería (labras, lascas, obxectos inacabados) consérvanse carbonizados. Ocasionalmente pódense recuperar fragmentos de madeira mineralizada do interior de obxectos metálicos ou ben conservados húmidos ou por anegamento.
- **Outro tipo de usos** das árbores e arbustos: forraxe etc.




Fig. 11. Carbón e madeira recuperado en contextos arqueolóxicos: combustible, restos de carpintería ou obxectos en proceso de fabricación e obxectos rematados.

2.3. Impresións vexetais

As impresións vexetais sobre elementos de barro, arxila ou terra son habituais nos xacementos arqueolóxicos dende o Neolítico xa que eran materias primas utilizadas frecuentemente para a confección de todo tipo de elementos: elementos de construción (cubertas, revestimentos, lucidos, pavimentos, solos) e elementos mobles (contedores, soportes, braseiros e fornos portátiles etc.). O estudo das impresións vexetais sobre estes elementos construtivos permítennos aproximarnos ao estudo de varias técnicas de construción en terra: os encastados, os manteados e, en menor medida, o tapial e o adobe (Maldonado, Rivera, 2005). Este tipo de arquitectura tivo unha importante difusión debido á facilidade de obtención e transformación das súas materias primas, aínda que apenas foi obxecto de estudos no noroeste debido á consideración da pedra como elemento básico da arquitectura, fronte á terra e ás estruturas de madeira. As impresións vexetais sobre ar-

xila son unha evidencia indirecta de diversos tipos de restos vexetais, dende fentos ata madeira traballada. A construción a partir de estruturas de madeira aproveita o carácter flexible e resistente das pólas, paus e troncos de madeira (Maldonado, Rivera, 2005) para configurar unha estrutura sustentante unicamente con este material segundo un sistema de unión enormemente variable. Este tipo construtivo non só inclúe elementos horizontais (vigas, zapatas etc.) e verticais (pés dereitos) senón tamén en diagonal (tornapuntas). Debido á natureza orgánica destes elementos construtivos, apenas temos evidencias directas destas técnicas, non obstante, as impresións destas estruturas sobre elementos arxilosos permite realizar unha aproximación a estes.



Fig. 12. Impresións de pólas e táboas sobre arxila (fotografía: César e Manuel Candamo Bueno).



2.4. Fibras vexetais

As fibras vexetais tiveron numerosas aplicacións dende a Prehistoria. De feito, o coñecemento e explotación das fibras vexetais foi unha das tarefas máis importantes despois do uso e domesticación das plantas alimenticias. As necesidades humanas básicas de vestimenta e abrigo cóbrense tradicionalmente con plantas de fibra, ademais de conformar unha importante parte da cultura material das sociedades pasadas, xa que foron a materia prima utilizada para confeccionar todo tipo de utensilios de uso doméstico, ferramentas de caza e pesca, adivais e cordas, trenzado e tecido artesanal etc. (Macías, 2006).

As fibras vexetais propiamente ditas compóñense de células longas e delgadas de esclerénquima (Ma-

cías, 2006). Estas células teñen a característica de desenvolver unha segunda parede vexetal dentro da primeira cando a célula finalizou o seu crecemento, co que se conforman unhas paredes celulares moito máis grosas ca noutro tipo de células. A súa función é darlles soporte, dureza e rixidez aos tecidos vexetais. A parede celular está composta fundamentalmente de celulosa e, en segundo termo, de lignina, aínda que tamén pode conter taninos, gomas, pectinas e outros polisacáridos. As fibras atópanse en varias partes da planta: cortiza, talo ou tronco, pólas, follas, aínda que son máis frecuentes nos tecidos vasculares. En función da localización da fibra na planta, podemos clasificalas en tres grupos:



Fig. 13. Fibras vexetais de sisal (*Agave sisalana*), cânabo (*Cannabis sativa*), algodón (*Gossypium* sp.) e esparto (*Stipa tenacissima*).

■ **Fibras brandas:** cando a fibra se atopa no floema dos talos, como nas dicotiledóneas: liño, xute ou cânabo. O método de extraer a fibra destas plantas é o enriado, que consiste en poñer a materia prima a remollo en balsas de auga estancada ou no curso de ríos con pouca corrente.

■ **Fibras duras:** cando as fibras se atopan no floema das follas e que son máis fortes debido á súa maior lignificación, o que ocorre nas monocotiledóneas: esparto. As fibras extraírense mediante a separación mecánica da cortiza dos tecidos vexetais que conteñen as fibras.

■ **Fibras de superficie:** que se corresponden cos pelos da epiderme da semente, como no caso do algodón.

Os usos máis habituais das plantas de fibra son:

■ **Cestería:** confección de produtos tecidos con fibras vexetais.

■ **Cordas e adivais:** trenzado de fibras vexetais para elaborar cordas, adivais e outros materiais para ataduras ou amarres.

■ **Tecido:** confección de produtos a partir da extracción da fibra mediante un proceso de fiado, entrelazado e/ou tecido para elaborar roupa ou calzado, teas etc.

En determinadas condicións de preservación e seguindo unha mostraxe coidadosa, pódense recuperar este tipo de fibras asociadas a obxectos metálicos como fíbulas ou do interior de obxectos relacionados co traballo téxtil como as fusaiolas ou as pesas de tear. O máis habitual durante a Prehistoria serían as fibras de liño (*Linum usitatissimum*) e esparto (*Stipa tenacissima*), posteriormente podemos xa localizar fibras de algodón (*Gossypium* sp.). As fibras teñen multitude de aplicacións, aínda que as máis habituais son a confección de tecidos de todo tipo, cordas, recipientes e contedores etc.

3

Mostraxe

Á hora de enfrontarnos coa recollida de mostrax nun xacemento debemos ter en conta ante que tipo de xacemento nos atopamos, de que medios dispoñemos para a recuperación de restos arqueobotánicos e cales son os obxectivos da intervención en relación con este tipo de evidencias arqueolóxicas (coñecer os procesos deposicionais, obter datacións, coñecer as prácticas de consumo de madeira e alimentos vexetais, obter datos paleoambientais dunha determinada área etc.). Estas premisas van condicionar tanto as estratexias de mostraxe como a cantidade e volume de mostrax que se vai recuperar, a que unidades estratigráficas debemos prestar unha especial atención etc.

3.1. Estratexias de mostraxe e tipos de mostra

O primeiro que debemos de deixar claro é que non existe un modelo ideal para a mostraxe dun xacemento, senón que o modelo ideal xorde da combinación de diferentes estratexias de mostraxe. Os criterios de recollida están determinados polo arqueólogo e o especialista de maneira que a planificación previa se adecúe ás características do xacemento, contextos, tipo de mostrax, tempo e persoal dispoñible, obxectivos da intervención etc. A estratexia de mostraxe é algo dinámico que pode ir variando no curso da intervención arqueolóxica. A continuación, describiremos varias estratexias de mostraxe:

■ **Mostraxe puntual:** é a recollida de restos paleobotánicos recuperados manualmente durante o proceso de escavación. Adoitan corresponderse con pezas ou restos visibles, o que fai que nas valoracións posteriores apareza este tipo de mostrax sobrerrepresentado nos resultados globais, fronte a outro tipo de restos de menor tamaño que pode pasar desapercibido no momento da escavación, xa que existe un proceso inconsciente de selección daqueles de maiores dimensións ou máis facilmente detectables para o arqueólogo. É unha forma moi estendida dentro das mostrax e practicamente a exclusiva para realizar análises coma a da identificación de microrrestos.

■ **Mostraxe dirixida:** orientada cara a grupos estratigráficos, unidades estratigráficas ou obxectos que potencialmente poden conservar unha gran cantidade de restos paleobotánicos, como zonas de almacenaxe, silos, fogares, ou áreas de deposición de residuos.

■ **Mostraxe sistemática ou horizontal:** consistente na mostraxe sistemática dos diversos niveis arqueolóxicos. A mostraxe de todas as unidades estratigráficas supón dividir uniformemente unha poboación de restos vexetais a través da recuperación de pequenas cantidades de mostrax obtidas de forma dispersa, polo que permite a comparación dos restos paleobotánicos, de forma diacrónica e sincrónica, das diversas


actividades antrópicas e así poder obter información complementaria das posibles accións realizadas: estruturas de combustión, áreas de almacenamento, zonas de preparación e transformación de alimentos, artefactos, vertedoiros etc. Este sistema é o que pode ofrecer mellores resultados comparativos no caso de xacementos escavados en extensión.

- **Mostraxe vertical ou en columna estratigráfica:** empregada fundamentalmente para análises palinolóxicas, está orientada á reconstrución paleoecolóxica, xa que ofrece unha visión diacrónica dos restos representados. Esta mostraxe realízase sobre a totalidade dun perfil vertical, cun ancho de 10 cm e a intervalos regulares de abaixo cara a arriba de 5 cm, respectando as distintas unidades estratigráficas. A súa numeración realízase á inversa, de arriba cara a abaixo.
- **Mostraxe aleatoria:** está pensada para realizar unha mostraxe con base en criterios estatísticos, serve para realizar comparacións espaciais da representatividade de taxons na mesma uni-

dade estratigráfica. Este sistema emprégase en bastantes ámbitos, non só na arqueobotánica; por exemplo na arqueoloxía espacial está pensada para a busca de achados e xacementos en prospección. Consiste na división do espazo de mostraxe seguindo determinadas pautas. A mostraxe aleatoria pode ser de varios tipos:


- **Mostraxe aleatoria sistemática ou aliñada.** Divídese en cuadrículas a unidade estratigráfica e tómase unha mostra seguindo unha orde determinada.
- **Mostraxe aleatoria non aliñada.** Faise unha mostraxe ao azar dun número determinado de cuadrículas nas que se divide a zona de mostraxe.
- **Mostraxe aleatoria estratificada.** Divídese o estrato obxecto da mostraxe e categorízase a división en áreas que poidan rexistrar potencialmente unha maior cantidade de restos, e efectúase unha mostraxe desigual dependendo das áreas en que se dividiu. Neste sentido, estratificada identificaríase con categorías dentro da mesma unidade estratigráfica, non con unidades estratigráficas en si. Pode ser tanto aliñada como non aliñada.

Fig. 14. Esquema da recollida de mostrax en columna.




Mostraxe aleatoria sistemática ou aliñada.

A área atópase dividida en cuadrículas de 50 x 50 cm, subdivididas pola súa vez en catro partes de 25 x 25 cm; dentro dos cadros escóllense ao chou as zonas de mostraxe, neste caso o cadro superior dereito, repetindo a extracción deste cadro sistematicamente por cuadrícula. Neste exemplo as mostras recuperadas supoñen $\frac{1}{4}$ parte da superficie total. Este tipo de recollida permite realizar distribucións de presenza/ausencia de taxons podendo determinar áreas de actividade e análises de representatividade de especies por áreas.




Mostraxe aleatoria non aliñada

Significa a división por cuadrículas de análise (Unidades de Rexistro) e subdividida en cadros, dos cales se escolle un ao chou por cada cuadrícula (UR). Neste exemplo faise unha mostraxe do 10 % da superficie. A vantaxe deste sistema é que supón unha mostraxe baseada en criterios estatísticos, non manipulados pola percepción do arqueólogo, sendo datos máis exactos coa representatividade do estrato escavado; os contras son que poden pasar desapercibidos restos puntuais ou concentracións de restos arqueobotánicos.



Mostraxe aleatoria estratificada

Supón a mostraxe dun estrato pero con diferentes intensidades. A elección da intensidade e as áreas nas que se vai aplicar é elección do arqueólogo e baséase en función da información que se pretenda acadar, ou da maior ou menor probabilidade de atopar restos na unidade estratigráfica que se vai escavar.



Dentro dos criterios que debemos establecer nun xacemento, ademais das estratexias que poidamos establecer, é preciso ter en conta as cantidades de sedimento que se deben de recoller por mostra.

- **Mostra illada ou puntual:** son os restos arqueobotánicos recuperados de forma illada, normalmente de gran tamaño, que se recollen de xeito manual.

- **Mostra dispersa:** supón a recollida parcial do sedimento por toda a superficie da unidade estratigráfica, tanto en horizontal como en vertical.

- **Mostra localizada:** implica a recollida da mostra sobre unha unidade estratigráfica, podendo responder o seu volume a varios criterios.

- Mostra de volume constante por unidade ou estrato. A forma máis habitual de recollida de mostras. Consiste na recuperación dunha cantidade fixa (20 litros) por cada estrato, non obstante, presenta o problema de que non adoita corresponderse coa maior ou menor riqueza dos estratos.

- Mostra probabilística. Pártese da premisa de que cada mostra reflicte correctamente a poboación de restos vexetais, e calcúlase o efectivo total estatisticamente. Por exemplo, sería a recuperación dun 10% do sedimento total por cada unidade estratigráfica.

- Mostra en intervalos. Significa a recollida dunha mostra cada x litros de sedimento escavado, por exemplo 1 litro de cada 10. Parte da premisa de que os restos se distribúen de maneira uniforme no sedimento.

Tanto a mostra probabilística como a mostra en intervalos son empregadas fundamentalmente para a recuperación de restos arqueobotánicos mediante as técnicas de cribado e/ou flotación.

- **Mostra da totalidade do sedimento escavado:** este sistema de mostraxe é especialmente recomendable en estruturas con pouco volume de sedimento ou cando se pretende recuperar unha gran cantidade de información sobre determinadas unidades estratigráficas. Orientado basicamente

a fogares, buratos de poste, solos de ocupación ou todos aqueles depósitos que poidan conter evidencias arqueobotánicas abundosas.

A recollida de sedimento para valorar a potencialidade de restos pódese realizar durante a intervención arqueolóxica ou en laboratorio. Na **mostra estimativa** ou **test** recóllese e procésase un volume de sedimento constante (10-20 litros) de cada depósito. O volume óptimo son 20 litros, aínda que, no caso de ter que procesar grandes cantidades de sedimento, esta cantidade pode diminuírse ata os 10 litros (Buxó, 1997; Rovira, 2007). Este sedimento procésase de maneira paralela á escavación dos depósitos polo que permite coñecer durante o desenvolvemento da escavación a riqueza ou ausencia de restos arqueobotánicos nas unidades estratigráficas. A mostra-test pode dar tres tipos de resultados:

- Test nulo, cando a mostra non proporciona ningún tipo de resto arqueobotánico, polo tanto non compensa recoller nin procesar máis sedimento.

- Test negativo, cando a mostra contén material (menos de 25/30 restos para 20 litros de sedimento), pero non é preciso aumentar o volume de sedimento procesado.

- Test positivo cando a cantidade de restos arqueobotánicos recuperados (igual ou máis de 25-30 restos para 20 litros) recomenda unha intensificación da mostraxe. A partir de experimentacións realizadas (Buxó, 1997: 43-44) sobre mostras aleatorias a riqueza relativa en carporrestos comeza a sufrir un primeiro estancamento arredor dos 100 litros.

A realización de mostras estimativas ou test é especialmente adecuado en poboados (áreas extensas, numerosos depósitos etc.), para rendibilizar o tempo e os recursos investidos na recuperación de mostras. O proceso de traballo podería organizarse coa recollida aleatoria de cantidades de sedimento constantes (10-20 litros) de niveis de recheo ou colmatación, zonas de circulación, niveis de abandono e destrución, niveis de construción ou niveis que non se atopan asociados a ningunha estrutura.

3.2. Criterios de recollida, extracción e almacenaxe provisional

A continuación, estableceremos unhas pautas xerais nas que recomendaremos o tipo de estratexia de mostraxe, extracción e embalaxe das mostras durante a escavación ata a chegada ao laboratorio. En principio, distinguiremos diferentes estratexias en función do tipo de xacemento: xacementos en cova ou abrigo, poboados ao aire libre, enterramentos e lugares de produción especializada; do tipo de contexto: estruturas de combustión, foxas, buratos de poste etc.; e do tipo de obxecto: cerámicas, fusaiolas, muíños, impresións sobre arxila etc.

No que respecta aos carbóns, debemos de ter en conta sempre que o tamaño dos carbóns recuperados é independente do xénero ou da especie da que procede, polo que se deben de recoller mostras de todo tipo de tamaños, dende fragmentos de milímetros ata aqueles de maiores dimensións. O mesmo ocorre coas sementes, de non realizar recollidas exhaustivas, non recolleremos mostras o suficientemente significativas e representativas.

3.2.1. TIPOS DE XACEMENTOS

Xacementos en cova ou abrigo

Nos xacementos en cova, as estruturas arqueolóxicas máis frecuentes son fogares, foxas e tumbas, relacionadas coa utilización da cova ou abrigo como lugar de habitación ou como lugar de enterramento. Os restos arqueobotánicos máis habituais son carbóns e sementes nos lugares de habitación e, no caso das tumbas, dependendo das condicións de preservación, podemos localizar fibras, tecidos ou obxectos como cestos, peites etc.

Lugares de habitación

Nos lugares de habitación situados nestes tipo de localización, a mostraxe debería combinar a recollida de mostras puntuais (co fin de evitar a fragmentación deste tipo de restos) coa recollida sistemática de sedimento. En función da metodoloxía de escavación adoptada, clasificaranse as mostras ben por unidade



Fig. 15. Os Pericos (Ribeira, A Coruña), escavación en abrigo e depósito carbonoso do que se recolleron mostras para análise (fotografías: Xosé Ignacio Vilaseco).

estratigráfica ben por niveis artificiais definidos durante a escavación. No caso de non poder tomar as coordenadas absolutas durante a intervención, establecerase unha malla de unidades de rexistro ás que referenciar estas mostras.

Lugares de enterramento

Nos lugares de enterramento situados en covas ou abrigos, a mostraxe que se realizará debería de ser o procesado do total do sedimento da tumba, xa que isto nos permitirá recuperar todo tipo de materiais arqueolóxicos de pequeno tamaño que non son visibles durante a escavación (ademais de restos arqueobo-

tánicos, tamén pequenas estelas de ósos, fragmentos cerámicos etc.).

Poboados ao aire libre en medio seco

Os poboados son o tipo de xacemento no que maior cantidade de restos arqueobotánicos se recuperan e, polo tanto, esixen un esforzo de planificación no momento de deseñar a recollida de mostras. Debido á importante cantidade de mostras que hai procesar neste tipo de asentamentos, pódese realizar unha mostraxe dirixida, enfocada directamente a aquelas estruturas ou depósitos nos que se poden recuperar unha maior cantidade de restos arqueobotánicos, combinada cunha recollida puntual dos restos de maiores dimensións para evitar a súa fragmentación, e coa realización de mostras test de diferentes tipos de depósitos, co fin de establecer a ausencia ou presenza de restos arqueobotánicos durante a escavación.

Poboados ou asentamentos construídos en materiais perecedoiros

Os poboados ou asentamentos construídos con materiais perecedoiros presentan a dificultade de que as estruturas construídas con madeira, pólas, follas e fibras vexetais desapareceron, e preserváronse unicamente as negativas das estruturas sustentantes e de cimentación (gabias, buratos de poste etc.) e outro tipo de estruturas escavadas no solo (foxas, silos etc.). A degradación dos elementos orgánicos que constitúen este tipo de poboados provoca que as dinámicas naturais e os procesos posdeposicionais teñan un forte impacto sobre eles, o que causa importantes alteracións neles.

A mostraxe neste tipo de asentamentos debe de ser sistemática ou dirixida, con especial atención ás estruturas negativas (foxas, silos, buratos de poste, gabias etc.), nas que se depositan todo tipo de restos arqueobotánicos, e ás áreas de actividade, como poden ser os pavimentos e os solos de ocupación. A realización dunha mostraxe vertical ou en columna permite observar a evolución no consumo de diferentes tipos de restos arqueobotánicos ao longo da historia de ocupación e abandono dun asentamento.



Fig. 16. Agro de Bazar (Silleda, Pontevedra), escavación dun poboado ao aire libre construído en materiais perecedoiros (fotografía: María José Bóveda).




Fig. 17. As Gándaras (Miño, A Coruña), construción en materiais perecedoiros antes e despois da súa escavación (fotografías: Fidel Méndez).

Poboados ou asentamentos construídos en materiais duradeiros

Os poboados ou asentamentos construídos en materiais duradeiros, especialmente determinado tipo de xacementos como os castros, poden chegar a proporcionar unha gran cantidade de mostras arqueobotánicas, polo que se deben de combinar varios tipos de recollida. Xa que este tipo de asentamentos presentan estruturas evidentes, o máis adecuado sería combinar unha recollida sistemática dos depósitos exteriores cunha recollida dirixida a determinadas estruturas, como estruturas de combustión, foxas, silos etc., depósitos asociados a derrubamentos e unha mostraxe aleatoria nos solos de ocupación. Este tipo de xacementos adoitan presentar estratigrafías complexas, polo que, para facilitar a posterior selección, durante a recollida de mostras, deberíamos distinguir o tipo de nivel no que estamos a recuperar as mostras (construción, ocupación, destrución etc.).



Fig. 18. Castro de Navás (Nigrán, Pontevedra), recollida de sedimento e mostras puntuais de carbón nun poboado construído en materiais duradeiros.

Enterramentos

Nos lugares de enterramento debemos de ser especialmente coidadosos na recollida de mostras. A continuación, estableceremos os criterios para a recollida de mostras arqueobotánicas, aínda que, debido á súa condición de lugares de enterramento, debemos

prestar atención durante o cribado ou flotación á recuperación de pequenas estelas ou fragmentos de ósos ou pezas dentais, posibles restos de enxovais etc. É recomendable gardar unha pequena bolsa de sedimento da zona de deposición do cadáver para a realización de posteriores analíticas.

Túmulos

Os enterramentos en túmulos ofrecen numerosa información arqueobotánica, polo que a recollida de mostras debe de estar coidadosamente planificada (Buxó, Piqué, 2003). Os restos arqueobotánicos están asociados a dous momentos: en primeiro lugar, ao da construción do túmulo e/ou da cámara funeraria, e, en segundo lugar, ao da deposición dos cadáveres e desenvolvemento de ritos fúnebres (incendio de estruturas en madeira, fogares etc.). Isto supón que, durante a escavación, atoparemos restos arqueobotánicos dispersos no sedimento ou concentrados en diferentes tipos de estruturas, polo que é fundamental un correcto rexistro dos contextos de procedencia das mostras. As construcións tumulares son reutilizadas durante centos e incluso miles de anos, polo que é imprescindible realizar unha datación sistemática das mostras recuperadas co fin de determinar o período cronolóxico ao que se vinculan e incluso, en determinados casos, poden utilizarse os datos antracolóxicos para extraer datos sobre a composición florística do contorno e incluso sobre variacións climáticas (López de Calle, Iriarte, Zapata, 2001).

A recollida neste tipo de xacementos debe combinar a recollida de mostras aleatorias ou sistemáticas do sedimento da masa tumular coa recollida total do sedimento vinculado a estruturas como buratos de poste, foxas ou estruturas de combustión. A recollida puntual de restos de grandes dimensións permitirá evitar a súa fragmentación. O sedimento relacionado coa masa tumular que

achega carbóns e sementes dispersos e vinculados ao momento previo e ao coetáneo á construción do túmulo, o sedimento asociado ao lugar de enterramento e ás estruturas de combustión que poidan localizarse asociadas ao momento de uso funerario do túmulo e ás estruturas fundacionais anteriores á súa construción (estruturas de combustión, gabias etc.) e, finalmente, aqueles vinculados ao paleosolo sobre o que se dispón toda a estrutura tumular. A antracología ofrece información sobre as madeiras utilizadas en fogares, elementos construtivos ou estruturas diversas de madeira, un material utilizado con profusión na arquitectura megalítica (Rojo, Kunst, 2002; Carrión, 2005).

Cistas

Os enterramentos en cistas ofrecen información arqueobotánica en relación co momento de deposición do cadáver. O máis adecuado sería o cribado en auga dunha cantidade representativa do sedimento interior da cista e ir rebaixando por capas este depósito. Isto permitiríanos recuperar tanto os posibles restos arqueobotánicos que formasen parte de ofrendas ou enxovais como pequenas estelas de óso, no caso de que se conservasen.

Necrópoles e tumbas da época romana ata a Idade Moderna

■ **De incineración.** As mostras procedentes de enterramentos de cremación presentan unha problemática especial vinculada ao tratamento previo e á exposición ao lume dos cadáveres. Neste caso, as urnas cinerarias deben de ser recollidas sen manipular o seu contido, co fin de que sexan escavadas posteriormente en laboratorio por un especialista. Do sedimento extraído recupéranse os carbóns que foron seleccionados, xunto con determinadas partes dos restos óseos, o que ofrece información sobre o tipo de combustible utilizado para as piras rituais.

■ **De inhumación.** As mostras procedentes de enterramentos de inhumación presentan restos arqueobotánicos relacionados con dous momentos: o previo á escavación da tumba e o da deposición do cadáver. O sedimento extraído e removido para a escavación da tumba e no que se depositaron restos arqueobotánicos, como carbóns e sementes, son anteriores á construción da tumba. Os restos arqueobotánicos asociados á deposición do cadáver son madeiras mineralizadas asociadas a cravos de ferro dos cadaleitos, madeiras anegadas ou saturadas de auga e fibras vexetais.

Fig. 19. Bicos do Lago (Muros, A Coruña), proceso de escavación e recollida de mostras nunha cista (fotografías: María José Bóveda).





Fig. 20. Necrópole de San Domingos (Pontevedra), recollida de sedimento e mostras puntuais de madeira mineralizada no interior de tumbas de inhumación (fotografías: Xurxo Constela).

Lugares de produción especializada

Saíñas

As saíñas mariñas, polas condicións de humidade que lles confire a súa proximidade ao mar, permiten, cando se dan as condicións axeitadas, a preservación de toda unha serie restos arqueobotánicos. A presenza do sal impide a utilización de instrumental metálico para desenvolver as actividades nestas instalacións, polo que a maior parte de obxectos e estruturas utilizados neste tipo de lugares están realizados en pedra, cerámica e, sobre todo, en madeira. Podemos localizar todo tipo de obxectos e estruturas, así como restos de poda natural, sementes e

froitos conservados por humidade ou anegamento, ademais de restos carbonizados. As dificultades que presenta traballar neste tipo de sedimentos é o volume de sedimento que cómpre procesar, que pode ser moi elevado e nese caso sería adecuado realizar unha recollida sistemática ou aleatoria co propio sedimento no que se atopan os materiais; no caso de obxectos e estruturas, o máis adecuado sería a recollida puntual coa extracción do material en bloque manténdoo sobre plataformas ríxidas ao extraelos para evitar deformacións. Deben de establecerse unhas condicións de conservación adecuadas en campo para evitar a degradación dos materiais, cómpre evitar a luz e a calor e controlar as condicións de humidade.



Fig. 21. Estado de conservación de cuña de pexego (*Prunus persica*) procedente da saíña do Areal (Vigo, Pontevedra)

Carboeiras

As carboeiras son estruturas de diferentes tamaño e morfoloxía destinadas a producir carbón vexetal mediante un proceso de pirólise ou descomposición térmica da madeira (Euba, 2008), unha combustión incompleta que ocorre nun ambiente redutor. Este tipo de estruturas son habituais en zonas de montaña, xa que as carboeiras se situaban alí onde a madeira era abundante e, unha vez convertida en carbón, era transportada aos lugares nos que se consumía, ben para as actividades metalúrxicas, ben para actividades domésticas (calefacción, cociña etc.). O carbón, fronte á madeira, ten toda unha serie de calidades. A primeira é que, grazas á carbonización, apenas se ve afectado polas condicións atmosféricas e non é atacado por fungos ou xilófagos. O carbón entra en combustión sen producir chama, non produce fume nin olor e ten un poder calorífico maior ca o da madeira.

A metodoloxía de mostraxe das carboeiras é substancialmente diferente ás anteriores. Unha vez localizada a estrutura, procederíase a delimitala e cuadrícala, e realízanse sondaxes en varias zonas da estrutura das que se recupera sedimento para cribar con auga ou flotar. A localización das sondaxes está determinada pola propia morfoloxía destas estruturas, na que a potencia sedimentaria vai diminuindo dende o centro ata a periferia, zona esta que, ademais, está máis afectada por procesos erosivos e outras alteracións.

Minería extractiva

As minas estaban estreitamente relacionadas coa madeira. En madeira construíanse todo tipo de estruturas, especialmente no caso das minas subterráneas: os estibados, as escaleiras, a iluminación inicialmente realizábase con teas de madeira de coníferas, os mangos das ferramentas, os medios de transporte e carga do mineral etc. As fogueiras utilizábanse para conseguir que o aire circulase e tamén para extraer o mineral, quentando a parede rochosa co lume e arrefriándoa repentinamente con auga ou vinagre.

No caso de realizar unha intervención nun xacemento deste tipo, debería de realizarse unha recollida total do sedimento das estruturas de combustión ou

unha recollida sistemática do sedimento de depósitos nos que se observe unha importante concentración orgánica. No caso de localizar restos de estruturas ou obxectos, sería axeitado realizar unha recollida puntual extraendo estes materiais en bloque para evitar fragmentacións e deformacións.

3.2.2. TIPOS DE CONTEXTOS

Ademais de realizar unha planificación xeral no eido do xacemento durante a escavación, debemos de prestar unha especial atención a determinados tipos de contextos, relacionados coa almacenaxe, manipulación ou consumo de sementes e madeiras (estructuras de combustión, silos e foxas, solos de ocupación), con estruturas (buratos de poste) ou ben son zonas adecuadas para a deposición de restos arqueobotánicos (gabias, vertedoiros). Nos contextos especificados a continuación, a recollida do sedimento debe de ser total e, no caso de que o volume de sedimento para procesar sexa moi elevado, realizárase unha mostra test que nos indique a riqueza desta estrutura en restos arqueobotánicos e establecerase deste modo un volume de sedimento adaptado ás características da estrutura.

Estructuras de combustión. O sedimento e os restos arqueobotánicos vinculados a estruturas de combustión deben de ser recollidos sempre na súa totalidade, xa que ofrecen información sobre o consumo de combustibles. Ademais de que as estruturas de combustión son un polo de atracción de actividades de todo tipo, polo que ao seu arredor se concentran evidencias materiais de todos eses procesos, tamén son un lugar de eliminación de residuos e evidencias carpolóxicas.

Silos e foxas. Os lugares de almacenaxe poden acumular restos arqueobotánicos de dous tipos, os relacionados co seu momento de uso e aqueles derivados da súa colmatación unha vez perdida a súa función inicial.

Gabias. As gabias son estruturas habituais nos xacementos arqueolóxicos e, independentemente da súa función ou uso, son lugares nos que se depositan todo tipo de restos arqueolóxicos, entre eles as evidencias arqueobotánicas dispersas polo asentamento e pro-

duto de actividades de mantemento e limpeza das estruturas de habitación ou produción.

Gabias de cimentación. As gabias de cimentación de construcións domésticas ou doutro tipo de materiais perecedoiros ofrecen información sobre as madeiras e sementes consumidas durante a súa ocupación e que, debido aos procesos de mantemento e limpeza dos lugares de habitación, son depositadas nestas gabias.



Fig. 22. As Gándaras (Miño, A Coruña), estruturas de combustión (fotografías: Fidel Méndez).



Fig. 23. A Mourela (As Pontes, A Coruña), recollida de sedimento durante a escavación de dúas foxas (fotografía: Andrés Bonilla).



Fig. 24. As Gándaras (Miño, A Coruña), gabia de cimentación dunha construción en materiais perecedoiros (fotografía: Fidel Méndez).

Solos de ocupación. Os solos de ocupación ofrecen información similar a dos anteriores, e a realización dunha mostraxe sistemática, cuadriculando o interior e diferenciando por zonas as mostrax, permite ofrecer información sobre o tipo de uso no eido microespacial das zonas interiores (almacenaxe, procesado de alimentos, zonas de descanso etc.).

Pozos. Os pozos son estruturas que poden presentar condicións óptimas para a preservación da materia orgánica, especialmente cando presentan condicións anaerobias e humidade permanente. Ademais, unha vez perdido o seu uso orixinal, poden ser reutilizados como vertedoiros ou latrinas, polo que os depósitos de colmatación deste tipo de estruturas adoitan conter numerosos materiais arqueolóxicos, entre eles obxectos construídos en madeira, sementes etc.

Vertedoiros. Os vertedoiros proporcionannos información relativa ao consumo de madeiras como combustibles e de todo tipo de alimentos —entre eles sementes e froitos—. Permiten obter secuencias temporais longas nas que observar a existencia de continuidades e cambios nos patróns de consumo dos restos arqueobotánicos e habitualmente conteñen gran cantidade de restos, polo que deben de obter mostrax minuciosamente, tanto horizontal como verticalmente.

3.2.3. TIPOS DE OBXECTOS

Como norma xeral, todos aqueles obxectos arqueolóxicos sobre os que queiramos facer calquera tipo de análise non deberían apenas manipularse e nunca se deben de limpar nin lavar; a limpeza realizarase no laboratorio despois da extracción das mostrax correspondentes. O máis recomendable é contactar cos laboratorios previamente para saber cal é o tipo de protocolo que seguen sobre o tipo de embalaxe que se debe empregar. A continuación, sinalamos certos obxectos nos que habitualmente se poden conservar restos arqueobotánicos (fibras, fitólitos, carbóns, sementes etc.) e que deben de seguir un proceso separado do resto de materiais arqueolóxicos.

Cerámicas. As cerámicas que presentan concrecións pegadas ás paredes interiores, e especialmente

aos fondos, nunca deben de lavarse, deben de deixarse secar para que perdan a humidade e, finalmente, embálasas con material inerte. Asociados a este tipo de obxectos, consérvanse lípidos, fitólitos e outro tipo de restos que poden ser identificados e ofrecer datos sobre as prácticas de consumo de alimentos. No caso de que os contedores cerámicos conserven restos de feluxe no exterior, tampouco deberían de lavarse, a menos que se realizase un rexistro previo, xa que pode ofrecer datos sobre a función de determinados recipientes. Unha vez realizada a extracción de mostrax, lávanse, síglanse e inventariáanse co resto dos materiais.

Fusaiolas e pesas de tear. As fusaiolas e as pesas de tear deben de seguir o proceso anterior, unha vez recollidas, non manipulalas e embálasas con material inerte unha vez secas. A extracción de mostrax do interior das perforacións deste tipo de obxectos permite obter restos de fibras vexetais ou animais e ofrece información sobre os fíos e tecidos e sobre os procesos de traballo téxtil.

Muíños. Dado que habitualmente este tipo de restos son de gran tamaño, resulta custoso o seu transporte ao laboratorio para extraer unha mostra. En todo momento debe evitarse o seu lavado, debería eliminarse, en primeiro lugar, o sedimento que poida ter adherido o depósito no que se atope. As mostrax, neste caso para a análise de microrrestos, recóllense naquelas zonas empregadas para a moenda, ou superficie útil, raspando con bisturí entre os intersticios da pedra. A mostra gárdase cun material inerte dentro dunha bolsa etiquetada. É importante que durante todo o proceso non se empreguen obxectos que poidan deixar restos orgánicos e contaminar a mostra (materiais moi limpos, luvas con amidón de millo etc.) e é preciso indicar sempre con que materiais se recolleu a mostra.

Impresións sobre arxila. As pegadas de estruturas ou de restos vexetais sobre materiais como a arxila ou o barro son a evidencia negativa dunha póla, unha semente, unha folla ou outro tipo de restos vexetais. En determinados casos podemos realizar unha identificación da especie, pero, ademais, o seu estudo permite deducir prácticas como a colocación das pezas



Fig. 25. Man de muíño de Castrovite (A Estrada, Pontevedra)
(fotografía: César e Manuel Candamo Bueno).

de cerámica sen cocer sobre fentos, o revestimento de estruturas de habitación perecedoiras etc. No caso de que a impresión sexa sobre un obxecto, seguiríamos as mesmas precaucións sinaladas anteriormente para a cerámica, se as pegadas presentasen ocos ou perforacións, nunca deberíamos baleiralas etc. En caso de que a pegada estivese sobre unha estrutura ou sobre algún elemento que non puidésemos extraer, poderíamos recorrer a un especialista en restauración que sacase positivos da pegada utilizando pasta de modelar ou silicona etc.

Obxectos metálicos. A limpeza e restauración de obxectos metálicos permite, en ocasións, recuperar pezas de madeira, fibras e tecidos do interior destes obxectos ou adheridos ás superficies externas.

3.2.4. EXTRACCIÓN E ALMACENAXE PROVISIONAL

Os materiais, ao ser escavados, vense expostos a condicións ambientais dramaticamente diferentes a aquelas nas que se atopaban. Para asegurar a súa conservación, é importante manter o control dos parámetros ambientais nos que se atopaban e comezar un lento proceso de adaptación ao novo ambiente. A almacenaxe dos materiais orgánicos é un punto importante para evitar a súa, moi común, destrución no tránsito entre a escavación e as análises no laboratorio.

Os materiais orgánicos son os máis susceptibles de sufrir danos irreversibles máis rapidamente debido aos cambios ambientais, polo que deberán de ser gardados nas condicións máis similares posibles a aquelas nas que se atopaban antes da súa extracción. No seu procesamento tamén debe terse en conta o tipo de análises que se planificou levar a termo no

FACTORES DE ALTERACIÓN QUE CÓMPRE TER EN CONTA	
FACTORES AMBIENTAIS DESPOIS DA ESCAVACIÓN	EFFECTOS QUE PRODUCEN NOS MATERIAIS
Auga Está presente na atmosfera como vapor de auga. Pódese medir cos parámetros de Humidade Relativa HR.	Unha HR elevada favorece a presenza de microorganismos. Unha HR baixa pode secar materiais húmidos ou saturados e causar danos físicos irreversibles. As oscilacións da HR producen estados de hidratación e de desidratación alternativos, que aceleran a súa destrución.
Temperatura A temperatura ambiente adoita ser superior á da zona de enterramento e flutúa máis.	A temperatura ten un efecto directo na HR. O aumento de temperatura acelera as reaccións químicas e favorece a biodeterioración
Osíxeno	A súa presenza favorece todos os procesos de deterioración, tanto químicos coma biolóxicos.
Acidez e alcalinidade Adoita ser moito máis extrema no solo	Poden verse alteradas por exceso de polución ou por unha mala embalaxe.
Luz É unha novidade para o material soterrado	Favorece a biodeterioración Decolora materiais orgánicos e pigmentos Pode incrementar a temperatura e alterar a HR

Fig. 26. Táboa cos factores de alteración que poden afectar aos materiais orgánicos despois da escavación e efectos que poden producir nestes materiais.

laboratorio. Por isto, é de vital importancia contactar cun especialista en todo momento, para que indique as cautelas necesarias durante todas as fases.


Durante a escavación

Cando se vai extraer un material, é moi importante establecer con anterioridade os pasos que se van seguir dende que se atopa este ata que se almacena. Cando escavamos un material, nunca se repiten as mesmas condicións, polo que non podemos establecer un procedemento único, aínda que a continuación citamos algunhas recomendacións aplicables na escavación destes materiais.

- Asegurarse de que se dispón do material necesario para a embalaxe no xacemento antes da extracción.
- Sempre documentar o obxecto in situ antes de ser extraído (fotografía, esquema, plano etc.).
- Minimizar o contacto directo co material, que debe de ser embalado o máis rápido posible.
- Non eliminar o substrato en contacto co material.
- No caso de materiais de grandes dimensións, recoméndase a extracción en bloque de maneira que se evite a súa fragmentación.
- Comezar a escavar o material cando se considere que pode extraerse no mesmo día (especialmente en época estival). No caso de non extraelo, cubrir a zona na que se atopa o material e marcar de forma evidente a súa localización. No caso de superficies amplas, cubrir a zona cun plástico opaco que evite o contacto directo coa luz e humedecer con frecuencia no caso de que orixinariamente se atopase mollado.
- Empregar para a súa limpeza e escavación en laboratorio utensilios de plástico.
- No caso de dúbidas, contactar sempre cun especialista.




Fig. 27. El Caño (Panamá), fotografía para documentar o obxecto antes da extracción.



MADEIRA EXTRAÍDA EN BLOQUE

- Rodeado polo substrato orixinal.
- Protexido cunha capa de plástico de cociña evitando a perda de humidade.
- Capa de papel de burbullas que o protexe de golpes
- Vendaxe de suxeición para a extracción en bloque.
- Soporte de plástico corrugado para obter unha superficie ríxida que permite crear un soporte de transporte adaptado.

Fig. 28. Esquema para a realización dunha extracción en bloque dun fragmento de madeira. (Modificado a partir de Robinson, 1989)



EXTRACCIÓN E TRANSPORTE DUN OBXECTO DE GRANDES DIMENSIÓNS:

- Obxecto no interior con etiqueta de siglado.
- Protexido cunha capa de substrato orixinal.
- Escuma húmida rodeando o conxunto.
- Capa plástica opaca no exterior protexendo de posibles perdas de humidade e do contacto lumínico.
- Soporte ríxido suxeito con cintas.

Fig. 29. Esquema para a realización dunha extracción en bloque dun obxecto de grandes dimensións. (Modificado a partir de Robinson, 1989)

■ Non empregar ningún biocida ou consolidante sobre os materiais. O emprego de biocidas non é, hoxe en día, recomendado como aditivo para almacenar materiais anegados. A súa efectividade é cuestionable e incluso pode afectar o material. Ademais hai que considerar os riscos de toxicidade na súa manipulación, a introdución da regulación COSHH en 1989 limita o emprego destes produtos químicos a grande escala. Para minimizar a actividade biolóxica, o máis recomendable é almacenar este tipo de materiais nun ambiente frío, sen presenza de luz e sen cambios significativos de humidade relativa. O emprego de consolidantes pode alterar os resultados de futuras análises e dificultar o traballo no laboratorio de non seren utilizados correctamente.



Fig. 30. El Caño (Panamá), extracción en bloque dun obxecto de grandes dimensións de madeira carbonizada (fotografías: Julia Mayo).



Fig. 31. El Caño (Panamá) detalle da limpeza en campo (fotografía: Julia Mayo).

Embalaxe na escavación

Os materiais, unha vez extraídos, deberán embalarse adecuadamente para asegurar a súa correcta preservación antes de chegar ás mans dun especialista. Os procedementos de embalaxe variarán dependendo da natureza dos obxectos e das condicións nas que se atopen. A embalaxe na escavación non deixa de ser provisional, polo que sempre é recomendable que os materiais sexan transportados ao laboratorio o máis rápido posible:

- Cada mostra ou obxecto debe embalarse coidadosamente nunha bolsa de plástico e gardarse nun contedor ríxido claramente etiquetado.
- Os materiais extraídos en bloque deberán manterse no mesmo soporte no que foron extraídos
- Embalar co substrato que contén ao seu redor.
- Os materiais anegados/saturados de auga deberán gardarse utilizando sempre materiais inertes para a embalaxe de materiais orgánicos, e gardaranse sempre nun lugar escuro e frío.

- Nunca se deben de colocar uns obxectos enriba doutros nin sobrecargar caixas.
- Manter separados os materiais secos dos húmidos.
- Empregar contedores ríxidos para evitar presións sobre os materiais.

Materiais orgánicos	Niveis recomendables de HR
Secos	55 % HR (o máis importante é evitar fluctuacións)
Húmidos	100 % HR ou en auga

Fig. 32. Táboa na que se recollen os niveis recomendables de humidade relativa para materiais orgánicos conservados secos ou húmidos.

Precaucións:

- Nunca se deben de empregar para a embalaxe materiais de orixe orgánica en contacto directo, como caixas de tabaco ou mistos, caixas de latas, bolsas de papel, sobres, algodón, papel de periódico, panos de papel etc.
- Nunca se etiquetará con papel, con adhesivo ou rotuladores non permanentes.
- Nunca se intentará limpar o material na escavación.
- Nunca se mollarán materiais que sufriron unha deshidratación accidental. Mantelos nas condicións nas que estean nese momento e contactar cun especialista.
- Nunca se probará sorte coa evolución dos materiais. A consulta cun especialista pode aforrar tempo e problemas.
- Nunca se gardarán xuntos materiais orgánicos e inorgánicos.

Materiais útiles para a embalaxe na escavación:

Pauciños de madeira
Esponxas plásticas
Caixas de plástico
Bolsas de plástico negro
Papel de aluminio
Papel plástico de cociña
Pulverizador
Bolsas de Poliuretano
Rotuladores permanentes
Guantes de látex
Planchas de plástico corrugado
Coitelas
Bandexas
Plástico de burbullas

Fig. 33. Materiais útiles para a embalaxe en campo.

3.3. REXISTRO EN CAMPO

O rexistro en campo das mostras debe de estar relacionado co rexistro xeral que se realice en calquera intervención arqueolóxica. Isto supón utilizar unha gran cantidade de recursos, tanto económicos como materiais ou humanos, co fin de xerar un rexistro da información arqueolóxica que permita o desenvolvemento dunha base documental aproveitable por traballos posteriores á propia intervención concreta.

O traballo arqueolóxico configúrase así como gran creador de datos, aínda que, con frecuencia, o acceso a estes non se fai de forma rápida e cómoda. Independentemente da función do rexistro arqueolóxico, o uso de procedementos tecnolóxicos avanzados na súa documentación permite unha maior e mellor sistematización da información. Podemos asimilar a información arqueolóxica resultante dunha intervención a xeodatos. Os obxectos espaciais posúen unha localización precisa no espazo, están xeorreferenciados, isto é, referidos a un sistema de coordenadas e datum determinados. A xeorreferenciación, polo tanto, permite o establecemento de relacións entre obxectos e un espazo físico e postúlase como básica

para o tratamento da información mediante sistemas de información xeográfica ou calquera outra ferramenta que poida explotar este tipo de información.

Se entendemos que unha parte do traballo arqueolóxico se reflicte na colleita de datos espaciais, faise necesaria a formulación dunhas normas e estándares que permitan o seu mantemento e intercambio de forma coherente, sostible e interoperable. En todo caso, deberían de manterse unha serie de principios:

- Os datos recóllense unha soa vez, polo que este proceso debe de realizarse da maneira máis eficaz posible.
- Debería de ser posible combinar, de forma simple, información espacial dunha ou varias intervencións arqueolóxicas, e compartila entre moitos usuarios e aplicacións.
- Debe de ser posible que a información recollida a un nivel sexa compartida entre diferentes niveis, detallada para os investigadores e máis xeral para outro tipo de público.
- A información arqueolóxica é abundante e debería estar nun formato que permita o seu uso masivo.
- Tamén debería ser sinxelo descubrir que información xeográfica está dispoñible, sabendo se nos pode ser útil e en que condicións pode ser usada.

Estes principios coinciden cos da iniciativa europea INSPIRE, dentro da política común sobre datos espaciais, que permita a creación dunha infraestrutura de datos común a todos os estados membros.

A conversión da información arqueolóxica en xeodatos implica que estes datos teñen unha posición implícita (poderían estar referenciados a un concello ou a unha unidade estratigráfica) ou explícita (coordenadas obtidas a partir dun GPS etc.). Para ter unha base de datos espacial, é imprescindible a localización en coordenadas absolutas de todos os obxectos

representados dentro dun marco de referencia establecido. A localización da información arqueolóxica é requirida de maneira imprescindible, co fin de que estes datos poidan ser utilizados en calquera estudo espacial onde se precise traballar con esta información. A carencia destes datos fai que a cartografía achegada nos traballos arqueolóxicos se converta en bosquexos ou debuxos difíciles ou imposibles de xeorreferenciar, polo que a súa utilidade se atopa limitada.

Así, o primeiro paso para poder crear unha cobertura de información patrimonial e, neste caso, para a información arqueobotánica é que todos os xeodatos deben ser almacenados e xeolocalizados de maneira inequívoca. O sistema de referencia xeodésico oficial utilizado en España é o denominado ED50 (European Datum 1950), establecido como regulamentario polo Real decreto 2303/1970 e constituído polo elipsoide internacional de Hayford, datum en Postdam, Alemaña, 1950, e o meridiano de orixe en Greenwich, xunto ao sistema de representación cartográfico UTM (Universal Transversal Mercator). Este sistema de referencia oficial foi modificado polo Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España, e que derroga o sistema establecido no ano 1970.

Iniciativas como a xa mencionada INSPIRE, que homoxeneizan a información espacial en Europa, e a creación de modernos sistemas de referencia xeodésicos globais, que permiten unha maior precisión e uniformidade no posicionamento, fan que, con este novo decreto, se adopte o sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Referente System 1989), elipsoide SGR80. Nestes momentos, toda a cartografía oficial da península Ibérica se está compilando neste novo sistema europeo, de maneira que toda a información xeográfica e calquera cartografía poidan ser integradas nun único sistema e, pola súa vez, estase harmonizando coa cartografía doutros países europeos e con outros sistemas, como os de navegación. Polo tanto, o sistema de referencia xeodésico adoptado é o ETRS89, como sistema oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da península Ibérica. Ao mesmo tempo, tomaranse como rexencia de altitudes os rexistros do nivel medio do mar en Alacante.

De acordo con esta directiva, a información arqueolóxica entendida como xeodatos deberá ser ofrecida, preferiblemente, en calquera dos dous sistemas de referencia descritos, proxección UTM29 ED50 ou en ETRS89. No caso de utilizar calquera outro tipo de sistema de referencia, este deberá indicarse de maneira concreta, para poder aplicar as transformacións correctas e integrar a nova información. A definición errónea dos sistemas de referencia provoca que a información ofrecida sexa inválida e dea lugar a erros.

En relación coa definición dos sistemas de referencia, é destacable realizar a mención aos estándares do OGP Surveying and Positioning Comité, que xurdiu no ano 2005 coa absorción do EPSG (European Petroleum Survey Group), que traballa nos ámbitos da investigación, xeodesia, cartografía e coordinación de datos espaciais. Dende esta organización mantense unha base de datos de parámetros de referencia que identifica os coordinate reference system (CRS), de tal maneira que as coordenadas son descritas sen ningunha ambigüidade. Ao mesmo tempo, define as transformacións e conversións que lles permiten ás coordenadas pasar dun CRS a outro CRS.

En todo caso, os CRS máis utilizados no contexto de Galicia podemos resumilos na seguinte táboa, na que se recollen os sistemas de referencia e os seus códigos EPSG. Marcas comerciais como ESRI teñen as súas propias nomenclaturas para a definición dos sistemas de proxección, pero teñen as súas correspondencias nos códigos do OGP.

A documentación do rexistro de mostras debe contar cunha serie de datos que permita identificar inequivocamente cada un dos elementos. Esta identificación deberá constar de información sobre a súa localización espacial, a diferentes escalas, e tamén daqueles atributos que nos permitan achegar datos sobre o fin da mostra, e outras moitas características que se presentan no presente documento e que conforman toda unha serie de caracterizacións dunha acción directa e concreta, como é a toma dunha mostra.

Esta documentación plásmase nunha base de datos que nos permita organizar e sistematizar cada atributo, ata poder converter estes datos en información. Polo

Código EPSG	Nome	ESRI
23029	ED50/UTM Zona 29 N	European Datum 1950 UTM Zone 29N.prj
32629	WGS84/UTM Zona 29 N	WGS 1984 UTM Zone 29N.prj
25829	ETRS89 / UTM Zona 29 N	ETRS 1989 UTM Zone 29N.prj
4258	ETRS 89	ETRS 1989.prj
4326	World Geodetic System 1984	WGS 1984.prj
4230	European Datum 1950	European Datum 1950.prj

Fig. 34. Listado de códigos EPSG.

tanto, os datos son o centro de todo, peza fundamental dunha base de datos convertida deste xeito nun tesouro permanente, sobre as que a forma de almacenamento ou de explotación ten unha menor importancia. Evidentemente, o uso dun sistema de xestión de base de datos permite utilizar a informática para solucionar as limitacións das bases de datos en formato papel, permitíndonos crear, modificar e borrar estruturas de datos ou ítems concretos ou facer consultas máis rapidamente, pero, sobre todo, garante o mantemento da seguridade e da integridade dos datos.

A estrutura da documentación espacial das mostras debe facerse de xeito xerárquico, de forma que podamos realizar unha aproximación á mostra dende diferentes escalas: depósito, intervención arqueolóxica ou contexto.

O rexistro en campo das mostras debe de incluír uns datos mínimos sobre a propia mostra e sobre o seu contexto arqueolóxico, así como o rexistro de toda esta información nunha base de datos específica.

Identificador de mostra: as mostras deben de ter un código diferenciado do resto de materiais arqueolóxicos, que debe de ser sinxelo para non complicar nin o traballo en campo nin en laboratorio. Unha boa opción sería utilizar unha abreviatura da palabra “mostra” en maiúsculas (MO) seguida do número correlativo (MO-001, MO-002 etc.). As mostras nunca deben de ser sigladas nin incluídas no inventario de materiais arqueolóxicos, debe de realizarse un inventario específico de



Fig. 35. A Mourela (As Pontes, A Coruña), proceso de recollida de mostras durante a escavación (fotografía: Andrés Bonilla).

mostras. Só unha vez analizadas e estudadas, no caso de tratarse de obxectos ou estruturas significativas, se lles asignaría un número de inventario.

Identificador de xacemento: a extracción de mostras realízase na maior parte das ocasións no ámbito dun xacemento arqueolóxico recoñecido como tal. Para a súa identificación, utilízase preferentemente

o código de xacemento incluído no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia (coñecido como código-GA: Galicia, e mais código da provincia e concello e número correlativo do xacemento). O uso deste código permítenos ter unha relación directa de cada unha das nosas mostras con calquera outra mostra que se puidese obter no pasado ou que se poida tomar no futuro. O uso doutros identificadores, como números correlativos ou o propio topónimo do ben, non é recomendable, pois non obedecen a un dato estándar recoñecible por todos. Ben é sabido que un mesmo depósito pode ter diferentes denominacións ou mesmo este pode ser usado de varias maneiras (Castro de Couso/Castriño - GA36007004, Castro de Couso/O Castro - GA36017019). No caso de tratarse dunha mostraxe realizada sobre un espazo non identificado como depósito, este dato non sería posible incluílo, pero debería facerse constar este feito.

Identificador de intervención: é importante a referencia á intervención concreta na que se realiza a mostraxe. Sería adecuado utilizar o código administrativo de permiso de intervención ou, no seu defecto, o nome e data desta.

Xunto a estes identificadores que encadran nun contexto xeral a mostra, deberá facerse referencia á súa localización precisa. Esta localización poderémola realizar de forma implícita ou explícita.

Coordenadas absolutas da mostra: dunha forma explícita, sería mediante as súas coordenadas absolutas en calquera dos sistemas de proxección mencionados, sempre tendo en conta a cita do código da proxección (código EPSG). Como xa comentamos, unhas coordenadas sen sistema de referencia poden levar a erro ou, no mellor dos casos, a unha perda de tempo na busca de cal é o sistema que se utilizou. A integración da mostra nunha planimetría tratada mediante sistemas de información sen estes datos precisos pódese volver unha tarefa ardua e difícil.

Referenciación implícita: xunto á súa localización exacta, sería conveniente realizar unha referencia ao contexto arqueolóxico no que se toma a mostra. Neste caso deberase indicar a que UE pertence, utilizando a nomenclatura que lle outorgásemos a esta. De xeito auxiliar e como complemento, tamén poderíamos indicar a ou as UR.

4

Laboratorio

Resulta conveniente que as mostras se clasifiquen previamente en campo e que se separen segundo unidades estratigráficas e tipos de mostra recollida. Este proceder anterior á entrega en laboratorio facilita discriminar que tipo de estruturas e depósitos se poden priorizar e separar aqueles de procedencia máis heteroxénea ou dubidosa. Ademais, non sempre é posible en todos os casos o estudo de todas as mostras, polo que convén establecer prioridades para as análises.

4.1. Selección de mostras para a análise

Os criterios para seleccionar as mostras arqueobotánicas que van ser analizadas son diversos e dependen, en boa medida, dos obxectivos formulados polo responsable da intervención e polo especialista que realice o estudo, ademais de ter sempre en conta o orzamento dispoñible para a realización de análises.

CARPOLOXÍA

As mostras máis adecuadas para as análises carpolóxicas serían aquelas recuperadas en contextos arqueolóxicos estreitamente relacionados coa almacenaxe e transformación de alimentos vexetais, como estruturas de almacenaxe ou as áreas de actividade de procesado de alimentos (espazos localizados arredor dos fogares ou de elementos como morteiros ou muíños etc.). Os espazos nos que se depositan todo tipo de residuos, como os vertedoiros, son tamén zonas especialmente ricas en restos arqueobotánicos. Podemos clasificar estas mostras en:

- Relacionadas coa almacenaxe de produtos vexetais:
 - Mostras recuperadas no interior de foxas de almacenaxe ou silos.
 - Mostras recuperadas no interior de vasillas de almacenaxe.
- Relacionadas co procesamento deste tipo de alimentos:
 - Mostras localizadas nas proximidades de estruturas de combustión ou incluso en baleirados de fogar.
 - Mostras recuperadas arredor das áreas de moenda (muíños e morteiros).
 - Mostras localizadas de maneira dispersa nos solos de ocupación das construcións.
 - Mostras localizadas no interior de buratos de poste e gabias de construcións en materiais perecedoiros.
 - Mostras recuperadas do interior de vasillas de cociña con concrecións.
- Relacionadas coa eliminación de residuos alimenticios:
 - Mostras recuperadas en vertedoiros.
 - Mostras recuperadas en zonas exteriores, como os espazos entre vivendas etc.

De maneira complementaria aos estudos carpolóxicos poderían realizarse estudos sobre elementos relacionados coa moenda (muíños de man e rotatorios) ou co procesado de alimentos vexetais (morteiros, vasillas con concrecións etc.).

ANTRACOLOXÍA, XILOLOXÍA E DENDROLOXÍA

Os criterios para a selección das mostras de madeira e de carbón varían en función do tipo de xacemento, das estruturas e depósitos localizados durante a intervención etc. Aínda que podemos establecer varias categorías de mostras, deberían ter unha maior prioridade no caso de non poder analizar todas as mostras recollidas. Estableceremos tamén as posibilidades e limitacións da súa análise.

■ Relacionadas con eventos de curta duración:

■ Mostras relacionadas con contextos como estruturas de combustión e baleirados de fogar. Estas mostras adoitan presentar unhas listas florísticas moi limitadas, non obstante, os datos obtidos teñen unha importancia fundamental á hora de conseguir información sobre as estratexias de xestión e consumo de leña.

■ Mostras nas que se conservan *in situ* materiais construtivos carbonizados, ben no interior de gabias, foxas ou buratos de poste, ou ben no interior das estruturas e vinculadas aos derrubamentos das construcións. Neste caso, a lista florística tamén é reducida, pero a análise ofrece datos sobre as especies utilizadas en construción e as súas características: calibre, afección por entomofauna, marcas de traballo etc.

■ Mostras recuperadas no interior de tumbas e relacionadas co momento de deposición do cadáver. As máis habituais poden ser fragmentos de madeira mineralizada arredor dos cravos ou restos de fibras téxtiles.

■ Mostras recuperadas no interior de obxectos como recipientes cerámicos, fusaiolas, pesas de tear...

■ Relacionadas con eventos de media e longa duración:

■ Mostras nas que se recuperaron pequenos fragmentos de carbón depositados en estruturas escavadas (gabias, foxas, gabias de cimentación, buratos de poste etc.). Estas mostras adoitan presentar unha importante diversidade de taxons, especialmente cando

se recollen e analizan os fragmentos de menores dimensións (menos de 1 cm).

■ Mostras recuperadas do interior de construcións nos solos de ocupación. Este tipo de mostras ofrece información sobre os combustibles utilizados durante longos períodos de tempo e que, debido aos procesos de mantemento e limpeza dos espazos domésticos, rematan depositándose nas zonas próximas ás paredes da construción etc.

■ Mostras de sedimento recuperadas en espazos exteriores ás construcións. Son produto de prácticas de limpeza e mantemento como as anteriores e do desenvolvemento de todo tipo de actividades nos espazos exteriores.

Coa análise das mostras relacionadas con eventos de curta duración como os enumerados anteriormente obteremos unha limitada lista florística e datos sobre aspectos culturais do aprovisionamento, uso e consumo da madeira e da leña nun momento puntual, mentres que naquelas relacionadas con eventos de media e longa duración probablemente a lista florística sexa máis extensa, obtendo datos sobre aspectos culturais para períodos prolongados de tempo e datos paleoambientais sobre a vexetación do contorno dos asentamentos.

As mostras de carbóns ou madeiras con sinais de acción antrópica, así como obxectos elaborados ou estruturas etc., deben de ser obxecto dunha identificación antracolóxica ou xilolóxica. No caso de teren que ser sometidas a análises destrutivas, como a datación, utilizarase sempre o método AMS, que precisa unha menor cantidade de mostra, e extraera-se esta dunha zona pouco visible e que non afecte a morfoloxía da peza.

ESTUDO DE FIBRAS VEXETAIS

A recuperación de fibras vexetais é excepcional, polo que, no caso de recuperar este tipo de resto arqueobotánico, todas as mostras deben de ser analizadas para poder determinar a especie vexetal da que se extraeron as fibras e, no caso de conservar tecido ou cordas, estudaranse tamén os procesos de traballo da fibra e as técnicas da súa confección.

ESTUDO DAS IMPRESIÓNS SOBRE ARXILA

Os obxectos arqueolóxicos con impresións sobre arxila permiten completar os datos ofrecidos pola carpoxía ou a antracoxía, polo que, no caso de recuperar durante unha intervención estes restos, é recomendable estudalos exhaustivamente.

4.2. Proceso de traballo

FLOTACIÓN OU CRIBADO

Antes de preguntarnos que tipo de procesado de mostras se vai realizar, o que debemos de ter en conta é a dispoñibilidade de auga e dun sumidoiro polo que evacuar os lodos, o tipo de matriz sedimentaria na que se localizan os restos arqueobotánicos, a dispoñibilidade dun lugar adecuado para o secado das mostras, e adecuar unha zona para a tría e almacenaxe dos restos arqueobotánicos. No caso de dispoñer dunha fonte de auga e dun lugar de evacuación dos lodos, debemos de ter en conta que o modo máis rápido de procesar grandes cantidades de sedimento é a flotación, seguida do cribado con auga e finalmente o cribado en seco (Allué, 2005).

Os sedimentos arxilosos e plásticos dificultan o cribado en seco, polo que, no caso de atoparnos con este tipo de terras e non dispoñer de auga corrente, o que deberíamos de facer sería recoller e almacenar as mostras para procesalas posteriormente en laboratorio. No caso de sedimentos areosos é axeitado o cribado en seco. O cribado en auga cunha columna de cribos permite recuperar todos os restos que contén a mostra, aínda que retarda a tría posterior, xa que na criba queda atrapado todo tipo de material (pedras, raíces etc.). Non é rendible utilizar este sistema en grandes escavacións en extensión, aínda que si o é para mostras menores ou iguais a 20 litros, e, polo tanto, é o que mellor se adapta para realizar as mostras test. As vantaxes da flotación fronte ao cribado en auga son fundamentalmente a cantidade de litros de terra que é posible procesar cun menor consumo de auga, ademais de que minimiza a fragmentación dos restos máis fráxiles e permite unha clasificación por tamaños e natureza de restos máis afinada e que permite aforrar unha importante cantidade de traballo no



Fig. 36. Residuo resultante do cribado en auga dun sedimento cun importante compoñente orgánico, malla de 5 e 2 mm.

momento da tría. A flotación pode realizarse de maneira manual para pequenas cantidades de sedimento. O sedimento é somerxido en auga e recupéranse aqueles restos arqueobotánicos que flotan.

Sexa cal for o método de cribado utilizado, é moi importante o tipo de criba que se utilice. Sempre deben usarse varios tamaños de luz de malla, xa que isto ten unha repercusión directa no tipo de restos que se recuperan e na súa representación, así como nos xéneros ou nas especies identificadas durante a análise. O máis adecuado sería combinar cribos de 5,2/1 e 0,5mm de luz de malla. A utilización combinada de varias luces de malla proporciónanos unha primeira clasificación dos restos:

■ **5 mm:** nesta malla localízanse os fragmentos de maiores dimensións, carbóns e restos carbonizados de froitos ou pebidas de froiteiras.

■ **2-1 mm:** nesta malla xeralmente recupéranse os cereais, leguminosas, pequenos ósos de froiteiras ou plantas silvestres, ademais de fragmentos de carbón de tamaño medio.

■ **0,5 mm:** nesta malla localízanse aqueles restos de plantas adventicias e ruderais e os fragmentos de carbón de menor tamaño. A utilización deste cribo é fundamental para poder realizar unha adecuada análise carpolóxica.

Antes de proceder á flotación ou ao cribado, sempre é preciso calcular e anotar os litros de sedimento que van ser procesados. Este proceso faise utilizando un cubo coas medidas en litros no seu interior; no caso de menores cantidades de sedimento, as medicións realizaríanse cun recipiente graduado máis pequeno.

TRÍA DO SEDIMENTO

Unha vez procesadas as mostras, estas sécanse. Para evitar a súa degradación, o máis adecuado é evitar a exposición directa ao sol e realizar o secado á sombra. Comeza entón o seguinte paso do proceso: a tría do sedimento. Esta consiste na separación dos restos arqueobotánicos ou doutro tipo (arqueofaunísticos, malacolólicos, cerámicos, metálicos etc.) do residuo obtido despois do cribado ou da flotación (pequenas gravas, raíces etc.). O proceso de tría pode realizarse a simple vista ou coa axuda dunha lupa binocular.

Se o sedimento foi procesado mediante flotación, este proceso é relativamente rápido, mentres que, cando se criba en auga o sedimento, o tempo investido na selección dos restos arqueobotánicos depende en gran parte da natureza do sedimento.

ALMACENAXE PROVISIONAL

Os materiais obtidos mediante a tría son posteriormente almacenados de maneira provisional. A primeira condición para esta embalaxe provisional no caso dos restos arqueobotánicos carbonizados é que se realice

cos materiais completamente secos, xa que a presenza de humidade degradaría as mostras, ademais de dificultar a identificación no caso dos carbóns.



Fig. 37. Tría do sedimento coa axuda dunha lupa binocular.



Fig. 38. Embalaxe provisional dos carbóns de maneira previa á súa identificación.

IDENTIFICACIÓN

Sementes

A identificación de sementes e froitos arqueolóxicos baséase en dous puntos:

1. Na comparación morfolóxica dos carporrestos arqueolóxicos coas especies actuais análogas utilizando coleccións de referencia de sementes actuais e atlas.
2. Na biometría das sementes a través da medición de tres parámetros (longo, ancho e grosor). A través desta toma de datos pódense determinar os índices relativos entre estas medidas que permiten distinguir entre especies afíns. Para establecer unha estatística biométrica, considérase 100 o número mínimo de individuos.

Madeiras

A identificación da madeira realízase a partir de criterios anatómicos no ámbito macroscópico e microscópico observando os tres planos anatómicos da madeira: o transversal, o lonxitudinal tanxencial e o lonxitudinal radial. No caso dos carbóns, cada fragmento é fracturado e observado nun microscopio de luz reflectida, mentres que nas madeiras anegadas ou mineralizadas se realizan láminas semifinas que son observadas cun microscopio de luz transmitida.

O proceso de identificación comeza pola distinción entre coníferas e frondosas, para posteriormente identificar a familia, o xénero e incluso a especie en determinados casos (Schweingruber, 1990; Schöch, Heller, Schweingruber, Kienast, 2004; Schweingruber, Börne, Schulze, 2008). A identificación realízase con base nas características anatómicas da madeira, as madeiras homóxilas son propias das ximnospermas (coníferas) e as heteróxilas das anxiospermas (frondosas). A distinción entre os diferentes xéneros e especies de coníferas realízase con base na presenza ou ausencia de canles resiníferos axiais e radiais, a presenza de células de parénquima, as puntuacións dos raios, a estrutura das paredes das traqueidas no cruzamento cos raios, a presenza de reforzos espiralados etc. Na identificación das anxiospermas os caracteres que se deben considerar son máis variados:




Fig. 39. Preparación para a observación dunha mostra de carbón e outra de madeira húmida.




Fig. 40. De arriba a abaixo, madeira homóxila (*Pinus sylvestris*) e madeira heteróxila (*Betula* sp.).






Fig. 41. Plano transversal, de arriba-abaixo madeira de porosidade difusa (*Ilex aquifolium*), semiporoso (*Frangula alnus*) e poroso (*Ulmus sp.*).





Fig. 42. Plano lonxitudinal radial, de arriba-abaixo perforacións escaleriformes e puntuacións (*Corylus avellana*), perforación simple e reforzos espiralados (*Arbutus unedo*) nas paredes dos vasos.

■ Plano transversal:

- Porosidade do anel: tronco poroso, semiporoso ou difuso, en función do tamaño dos vasos no tronco final e no tronco inicial.
- Distribución dos vasos: illados, agrupados, en filas radiais, en forma de chama etc.
- Tamaño: grandes, de tamaño medio, pequenos ou moi pequenos.
- Presenza ou ausencia de tilose: células do parénquima incluídas dentro do conduto do vaso a través das puntuacións e que provocan a obstrución deste.
- Presenza e distribución das células de parénquima: apotraqueal difuso ou en bandas, paratraqueal vasicéntrico etc.

■ Plano lonxitudinal radial:

- Perforacións dos vasos: simple, escaleriforme ou foraminada.
- Reforzos espiralados ou puntuacións nas paredes dos vasos.
- Tipo de raios: homoxéneos ou heteroxéneos (tipo I, II ou III).
- Fibro-traqueidas, fibras libriformes ou septadas.
- Presenza de cristais.

■ Plano lonxitudinal tanxencial:

- Tipo de raios: homoxéneos ou heteroxéneos.
- Tamaño dos raios (número de células de ancho): uniseriados, biseriados, triseriados, de cinco ou máis células de ancho.




Fig. 43. Plano lonxitudinal tanxencial, de arriba-abaixo radio uniseriado (*Salix/Populus*), biseriado (*Olea europaea*) e multiseriado (*Vitis* sp.).

Ademais da identificación taxonómica durante a observación da mostra, estúdanse tamén aspectos dendrolóxicos, como a curvatura do anel (feble, media, forte), o diámetro completo no caso de que se conserve a cortiza, a presenza de fendas (radiais, anulares etc.), madeira de tensión ou compresión, cicatrices, vitrificación, as evidencias da acción da entomofauna, evidencias de poda etc. (Marguerie, Hunot, 2007; Schweingruber, 2007).




Fig. 44. Aspectos dendrolóxicos, de arriba-abaixo unha fenda anular seguida dunha cicatriz (*Corylus avellana*), fragmento con vitrificación dos tecidos (*Quercus* sp. caducifolio), fragmento cunha galería de xilófago (*Alnus* sp.).

Fibras

A identificación das fibras realízase a partir da determinación dos seus caracteres microscópicos. A continuación describimos dúas das fibras vexetais brandas máis comúns:

- **Liño (*Linum usitatissimum*).** Na súa observación microscópica podemos apreciar unha canle que percorre o centro da fibra e que a fai sensible á humidade, cambiando as súas dimensións, peso e resistencia.
- **Algodón (*Gossypium* sp.).** Baixo o microscopio ten unha aparencia tubular, colapsada e torcida a intervalos regulares.

Impresións sobre arxila

A identificación das impresións sobre arxila de cortiza de talos ou troncos, froitos e sementes, follas etc. realízase a partir do estudo morfolóxico das impresións e da súa comparación con atlas de identificación de plantas vasculares (Bonnier, de Layens, 1999) ou con coleccións de referencia de materiais actuais. Para facilitar a identificación, en ocasións pódense realizar positivos en silicona das impresións. No caso de impresións de troncos ou pólas, mídense as dimensións co fin de establecer tamén o calibre das madeiras utilizadas.

OUTRO TIPO DE ESTUDOS

Tecnoloxía de traballo da madeira

Nos casos nos que nos atopamos con obxectos ou estruturas, restos de madeira con sinais de traballo etc., podemos realizar estudos sobre a tecnoloxía de traballo da madeira. A partir deste tipo de estudos podemos obter información sobre:

- Tipo de soporte utilizado e preparación deste.
 - Parte da planta utilizada: póla, tronco, raíz, cortiza.
 - Evidencias do proceso de devastado.
 - Aproveitamento da dirección das fibras de madeira.
- Ferramentas utilizadas para o traballo da madeira.
 - Marcas sobre a peza: machados, serras, gubias, torno etc.
- Tipo de traballo do soporte.
 - Como se lle dá forma.
 - Que tipo de acabado presenta: puído etc.
- Identificación da función e uso do obxecto ou estrutura.
 - Características morfolóxicas.
 - Marcas de uso.




Fig. 45. Debuxos de madeiras con marcas de traballo recuperadas nas saíñas do Areal (Vigo).

DATACIÓN DOS RESTOS ARQUEOBOTÁNICOS

Carbono 14 e AMS

O carácter orgánico da maior parte das mostras arqueobotánicas permite realizar datacións de carbono 14 sobre estas. O carbón, madeira, semente ou froito enviado a datar debería de ser identificado taxonomicamente de maneira previa, co fin de saber que estamos datando e poder valorar problemas taxonómicos non observados durante a escavación (Buxó, Piqué, 2003; Picón, 2008). A análise antracolóxica, xilolóxica ou carpolóxica non implica a realización de ningún tratamento químico sobre o material. A realización dunha identificación previa ten como vantaxe:

- Saber que especie ou xénero vexetal se data e coa data obtida poder reconstruír a súa historia e presenza nunha rexión.
- Permite evitar contaminacións con material máis moderno ou máis antigo do nivel que queremos datar.
- A única datación directa obtida é a do material, aínda que indirectamente datemos o contexto arqueolóxico do que procede.

A precisión da datación por C14 depende da conservación da mostra orixinal e das medidas adoptadas durante a recollida, rexeitando aquelas que

TIPO DE MATERIAL	CANTIDADE DE C14	FACILIDADE DE EXTRACCIÓN DE C14	FIABILIDADE DA DATACIÓN	CANTIDADE EN PESO PARA A ANÁLISE	
				CONVENCIONAL	AMS
Madeira	+	++	+	20 g (7-100 g)	100 mg (min 10 mg)
Fragmentos grandes de carbón	++	++	++	10 g (2-30 g)	50 mg (min 5 mg)
Fragmentos pequenos de carbón	++	+	+	10 g (2-30 g)	50 mg (min 5 mg)
Asta	++	++	++	Variable	Variable
Oso queimado	++	+	+	50 g	50 mg (min 15 mg)
Oso non queimado	++	++	++	300 g (200-500 g)	30 g (min 2 g)
Cunchas lacustres/terrestres	-	+	-	50 g	100 mg (min 30 mg)
Cunchas mariñas	-	++	-	50 g	100 mg (min 15 mg)
Casca de ovo	++	++	++	Variable	Variable
Marfil	++	+	++	Variable	Variable
Dentes	++	+	++	Variable	Variable
Semente/froito carbónizado	++	++	++	100 g (2-30 g)	100 mg (min 10 mg)
Macrofauna	++	++	++	Variable	30 g (min 2 g)
Microfauna	++	++	++	Variable	30 g (min 2 g)
Cerámica	--	-	-	Variable	Variable
Terra carbonosa	+	-	-	1000-2000 g	10 g
Turba	+	++	++	20 g (15-100 g)	100 mg (min 15 mg)
Coprolito	++	+	+	20 g (10-30 g)	50 mg (min 10 mg)
Fibra textil	++	++	+	20 g (7-100 g)	100 mg (min 10 mg)

Fig. 46. Tipos de material analizado por radiocarbono, cantidade de C14 na orixe, facilidade de extracción e grao de fiabilidade da datación (++ moi elevado, + elevado, - escaso, -- moi escaso), cantidade de peso necesaria para a análise (Caramiello, Arobba, 2003).

ofrecen poucas garantías (poden presentar problemas de contaminación) cando existan dúbidas do contexto de procedencia ou cando a asociación co contexto arqueolóxico que queremos datar non sexa segura. As precaucións para adoptar dende o traballo en campo ao laboratorio serían utilizar sempre material de escavación moi limpo para a extracción da mostra, non utilizar nunca materia orgánica durante o proceso de selección (disolventes para a flotación, vernices ou resinas durante os procesos de conservación etc.). No caso de ter incorporado calquera tipo de materia orgánica á mostra, sempre se lle debe de comunicar ao laboratorio que realice a datación. As mostras deben secárense sempre á sombra e, unha vez que estean completamente secas, deben gardárense en recipientes de plástico (frascos ou bolsas de polietileno), evitando os que conteñen carbono ou aqueles que poden romper (papel de aluminio). As mostras deben de ser clara e correctamente etiquetadas e almacenadas en sitios frescos e pouco iluminados.

A cantidade requirida para a análise varía segundo o tipo de datación e mostra, polo que o máis adecuado sería contactar cos especialistas do laboratorio ao que se vaia enviar a mostra.

Outra cuestión clave nas mostras arqueobotánicas que hai que datar é a distinción entre mostras de vida longa e de vida curta, atendendo á proximidade entre o valor da data obtida e ao momento no que se produciu a morte do organismo. O carbón vexetal constitúe o exemplo máis claro de mostras de vida longa; a pesar de ser un material adecuado para a datación polo seu elevado contido en carbono e ser unha materia inerte que facilita o tratamento químico no laboratorio para a eliminación dos posibles contaminantes, hai que ter en conta que asocia de maneira indirecta co feito arqueolóxico. A datación refírese ao momento de crecemento e morte da especie vexetal, pero non ao momento da súa utilización como combustible en fogares ou construcións. Nas especies arbóreas máis lonxevas, a datación reflicte unicamente o momento de morte da planta e o seu aproveitamento humano se a mostra procede da cortiza ou dos últimos aneis de crecemento (sáma-go). Se, pola contra, se datan os aneis da cerna onde

a absorción de C14 cesou moito tempo atrás, tan só se estaría datando este episodio biolóxico, mentres que a valoración arqueolóxica desta datación sería incerta. As mostras de vida curta son aquelas nas que media pouco tempo entre o proceso de absorción isotópica e o comezo da desintegración, dentro destas podemos sinalar as sementes, as turbeiras e os sedimentos orgánicos, o pole, pigmentos vexetais utilizados como pinturas etc.

Unha data radiocarbónica non é máis ca unha aproximación ao verdadeiro valor da magnitude que se pretende medir, polo que o arqueólogo debe de ser consciente de que a condición necesaria que debe cumprir unha data radiocarbónica para ser válida é que exista unha boa correspondencia entre o seu valor experimental e a data arqueolóxica. A maior parte dos erros na interpretación das datacións radiocarbónicas prodúcense porque os procesos posdeposicionais non son correctamente interpretados. Sempre debe de existir unha relación coñecida entre a mostra que se analiza e o fenómeno que data, e debe de evitarse sempre a suposición de que a datación dunha determinada mostra vai proporcionar un cálculo directo do contexto no que foi localizada. A datación de mostras de vida curta permite asegurar, en maior medida, a contemporaneidade do datado con respecto ao seu contexto de procedencia. Un erro común tamén é a realización de lecturas parciais, tomando o valor central dunha datación convencional como representativo dunha unidade estratigráfica, dun xacemento ou incluso de todo un período. O procedemento correcto sería realizar un programa sistemático de toma de mostras, co fin de obter unha serie relativamente ampla de datacións calibradas e contextualizadas.

As normas establecidas sobre a publicación das datas radiocarbónicas sinalan como datos que deben de incluírse de maneira obrigatoria nas publicacións o código de referencia asignado polo laboratorio, material sobre o que se obtivo a mostra, idade C14 convencional en anos BP e desviación estándar, os intervalos da idade calibrada expresada como cal BC, cal AD ou cal BP, citando a probabilidade asociada a cada un deles, e programa e curva de calibración utilizadas.

DENDROCRONOLOXÍA

A presenza de mostras de madeira ben conservadas e con aneis visibles podería permitir a súa datación dendrocronolóxica; a diferenza da realizada por carbono 14, esta datación é absoluta. Isto quere dicir que ten unha precisión dun ano (nalgúns casos, é incluso posible inferir a estacionalidade), pero, en caso contrario, non é posible levar a cabo a datación. Cómpre ter en conta que a data obtida dos aneis de crecemento vai indicar en que ano se cortou a árbore, pero o uso da madeira pode requirir algún tempo de tratamento posterior.

En principio, a madeira que se debe usar en dendrocronoloxía debe ser tratada do mesmo modo ca calquera outra mostra de madeira. En xeral, os restos necesarios para o seu estudo son de notable tamaño e nalgúns casos non é posible ou necesario empregar todo o obxecto de madeira. Nestes casos, ou no caso de madeiras de construción que non poidan ser extraídas, é posible obter unha peza menor. Nalgúns casos, pode cortarse unha sección transversal do extremo dun tronco ou viga. Cando o fragmento de madeira que hai que extraer deba ser moito menor, é posible obter un pequeno cilindro de madeira (5-12 mm de diámetro) co emprego dunha barrena, manual ou eléctrica, que será introducida en sentido

radial no tronco. Este método permite extraer mostras de fácil utilización sen causar ningún dano na estrutura de madeira.

Para a seu procesamento, é necesario preparar a súa superficie para a óptima visualización dos aneis de crecemento. Nos casos en que o secado da madeira puidese destruír a súa estrutura, pode ser necesaria a súa inclusión previa nunha resina como o PEG (polietilenglicol). Ás veces existen podremias ou ataques de insectos que impiden a observación dos aneis, pero normalmente non afectan a cerna; en especies como o carballo, é posible unha estimación dos aneis perdidos a partir da datación da cerna.

A visualización dos aneis require unha preparación óptima da superficie da madeira en corte transversal, aquela que permite a identificación dos aneis. O simple corte superficial cunha coitela pode ser suficiente, pero, en xeral, é recomendable o posterior lixado, que incluso permite a correcta diferenciación das distintas células da madeira. Este lixado debe facerse con graos progresivamente máis finos, ata un número de polo menos P800 ou P1200. Un lixado incompleto pode impedir totalmente o recoñecemento dos aneis. Finalmente, a aplicación dun material coma o po de xiz que se introduza nos vasos ou traqueidas aumenta o contraste e facilita a visualización e medición dos aneis.



Fig. 47. Fragmento de madeira de carballo preparada para a visualización e medición dos aneis.

O primeiro paso na datación dendrocronolóxica é a obtención dunha curva de crecemento a partir da medida de cada un dos aneis. Normalmente utilízase un medidor semiautomático de aneis, consistente nunha plataforma móbil. En calquera caso, é recomendable obter una imaxe da madeira (por exemplo, mediante un escáner) para o seu almacenamento, que tamén podería ser usada para realizar as medidas dos aneis. En xeral, acéptase que a precisión desexada en dendrocronoloxía debe ser polo menos de 0,01 mm. Neste proceso de medición é importante anotar as anomalías que poida presentar a madeira nalgúns anos, o que permitiría facilitar a datación ou obter outras informacións de interese.

Tamén é recomendable o almacenamento das características da mostra de madeira nalgún tipo de base de datos, xunto coa imaxe e as medidas dos aneis. A identificación das mostras de madeira na maioría dos laboratorios dendrocronolóxicos é realizada mediante un código de 8 caracteres, reservando os tres primeiros para o nome do sitio/xacemento e os dous seguintes para o obxecto e o sexto para o número de mostra obtida do mesmo obxecto. Algúns paquetes informáticos usados en dendrocronoloxía requiren o uso dun código desta lonxitude.

A datación das mostras de madeira é realizada mediante o proceso de **sincronización** (Kaennel, Schweingruber, 1995), que é a técnica fundamental da dendrocronoloxía. Así, o clima tería afectado de xeito parecido a todas as árbores dunha rexión e, como consecuencia, o seu patrón de aneis anchos e estreitos será similar, permitindo “encaixar” unhas mostras

con outras. En calquera caso, todas as mostras dunha mesma orixe deben datarse entre elas e as súas medidas medias, obtendo así una serie media na que as variacións individuais sexan minimizadas.

Para realizar a datación, é fundamental a presenza dunha cronoloxía patrón, de datas coñecidas, coa que se poida comparar a mostra medida. De non existir esta, só é posible establecer cronoloxías “flo-tantes”, que permitirían datar unhas mostras con respecto a outras, pero non establecer datas absolutas. Requírese, ademais, un número suficiente de anos que poida ser comparado, que será variable dependendo da calidade de sincronización e a procedencia da madeira con respecto ao patrón, pero normalmente será próxima a un século ou máis. Unha mostra de menos de 50 anos é raramente datable dendrocronoloxicamente e, con seguridade, as de menos de 30 anos non son utilizables. Se as mostras teñen menos de 100-150 anos, é desexable analizar máis dunha e usar series medias para comparar co patrón.

O proceso de sincronización consiste, fundamentalmente, na comparación das medidas co patrón coñecido, ata encontrar unha clara posición de solapamento. Na maioría dos casos é suficiente o aspecto visual das curvas para ver se existe este solapamento, pero pódese recorrer a métodos estatísticos. En arqueoloxía, emprégase normalmente o parámetro coñecido como **valor t** (Baillie, Pilcher, 1973), baseado na correlación entre as medidas de dúas mostras. En xeral, acéptase un valor de 3,5 para considerar válida unha datación, xa que con máis de 100 anos a probabilidade de datación errónea sería inferior ao 1%.




Fig. 48. Conexión de catro series de aneis de crecemento mediante o proceso de sincronización.

Non todas as especies de árbores poden ser usadas en datacións dendrocronolóxicas. As especies fundamentais na dendrocronoloxía europea son os carballos (Haneca, Čufar, Beeckman, 2009), especies do xénero *Quercus* e, en especial, *Q. robur* e *Q. petraea*, que en xeral poden ser datadas entre si. Con frecuencia, pódese obter madeira de piñeiros (xen. *Pinus*) e nalgúns casos, cando o clima sexa moi limitante para o crecemento, pode ser posible a datación entre diferentes especies, pero é unha situación pouco habitual. En rexións cunha ampla información dendrocronolóxica, con frecuencia é posible non só a datación, senón tamén determinar a procedencia rexional da madeira. Tamén pode ser posible empregar a madeira atopada en escavacións para a reconstrución de procesos paleoambientais, como pode ser o clima pasado, históricos ou outros acontecementos como a dinámica forestal.

Para algunhas rexións existen cronoloxías patrón de enorme lonxitude, destacando a serie centroeuropea de carballo, que chega ao 8480 a. C. (Friedrich *et alii*, 2004) ou á cronoloxía de Belfast, con 7272 anos (Brown *et alii*, 1986), que permiten realizar un gran número de datacións nos ámbitos centroeuropeo ou nas Illas Británicas. Pola contra, en moitas rexións non existe este tipo de patróns e non é posible realizar a datación absoluta; este é o caso da península Ibérica. En Galicia apenas existen series para poder datar dendrocronoloxicamente os obxectos de madeira, ou estas corresponden a árbores vivas que non permiten abarcar dende a actualidade ata aproximadamente o século XVI. Por este motivo, é de fundamental importancia incluír nalgún tipo de rexistro ou base de datos dendrocronolóxicos todos os obxectos de madeira susceptibles de poder ser datados. Isto permitiría inicialmente elaborar series flotantes, pero no futuro poderíanse conectar diferentes series ata obter un patrón que permita datar novos obxectos atopados.

ALMACENAXE DEFINITIVA OU SEMIPERMANENTE



Fig. 49. Exemplo de embalaxe permanente para os carbóns arqueolóxicos. (fotografía: César e Manuel Candamo Bueno).

Unha vez identificados os diferentes taxons aos que pertencen os restos arqueobotánicos analizados, procederíase á almacenaxe definitiva. Utilizaríase unha bolsa de autopeche para cada mostra, protexida con espuma de polietileno de 3-5 mm, no seu interior e clasificados por taxons gardaríanse os fragmentos de madeira, carbón ou sementes. No caso dos carbóns con marcas de traballo, estas introduciríanse en contedores ríxidos e acolchados con espuma de polietileno, co fin de evitar a fragmentación e o rozamento con outras pezas. As madeiras húmidas que proveñen de niveis freáticos de solos húmidos poden ser sometidas a un proceso de desecación controlada en laboratorio. As madeiras anegadas proveñen de niveis subacuáticos e presentan unhas características físico-químicas modificadas, debido á prolongada permanencia nun medio moi húmido ou somerxidas. O proceso de degradación que afecta este tipo de restos afecta as substancias constituíntes da madeira como a celulosa, que van disolvéndose e desaparecendo e son substituídas por auga no espazo que ocupaban na parede celular. Isto provoca que, a pesar de que a madeira mantén o seu aspecto externo, se transforme por completo deixando de ser madeira no sentido químico e pasando a estar agora composta principalmente por auga (madeira empapada ou anegada).

A madeira anegada pode clasificarse en función do seu nivel de degradación en tres clases:

- Clase I: igual ou maior a un 400% de contido en auga.
- Clase II: entre un 185% e un 400% de contido en auga.
- Clase III: menor a un 185% de contido en auga.

As madeiras cunha porcentaxe maior ao 200% de contido en auga (clases I e II) considéranse degradadas. No momento no que a madeira é extraída e exposta ao aire, a auga evapórase en moi pouco tempo. A lignina sen nada que conter colápsase e rómpese, o que produce un dano irreversible. A perda de materia pode chegar a un 90% en peso e ao 80% en volume.



Fig. 50. Sistema de almacenaxe de obxectos húmidos ou saturados. (modificado a partir de Robinson, 1998)

No caso dos restos arqueobotánicos húmidos ou saturados de auga, unha vez realizada a identificación e outro tipo de estudos e análises (dendrocronoloxía, análise das marcas de uso etc.), procederáse á realización dunha embalaxe semipermanente. Este tipo de embalaxe permite unha correcta conservación deste tipo de restos durante períodos prolongados de tempo aínda sen ser sometidas a procesos de con-

servación. Debemos de ter en conta, non obstante, determinados criterios de conservación pasiva ou preventiva como:

- Ausencia total de luz (disposición dos materiais en contedores opacos ou en cuartos a escuras).
- Niveis baixos de osíxeno: contedores con tapa e de tamaño alto para manter os obxectos ben somerxidos.
- Temperatura baixa, pero sen chegar a niveis de conxelación. O máis adecuado é o uso de refrixeradores ou cámaras frigoríficas.
- Cambios periódicos da auga de mantemento, especialmente cada vez que se detecte crecemento biolóxico ou ben crear un fluxo continuo de auga.

Para que os obxectos húmidos e anegados conserven a humidade, pode utilizarse espuma de polieter que mantén a humidade relativa alta. Introducir dentro de contedores ríxidos e despois no interior de bolsas de plástico termoseladas para evitar perdas de humidade, repetir o proceso introducindo de novo o contedor dentro da bolsa selada dentro doutro contedor ríxido e doutra bolsa termoselada.

5

Criterios de inventario, musealización e embalaxe

5.1. Criterios para o inventario e musealización de restos arqueobotánicos

A variedade da evidencia arqueobotánica (tipos, condicións de preservación etc.) fai preciso establecer unha serie de criterios para realizar unha selección daqueles materiais que cómpre incorporar no inventario de materiais arqueolóxicos ou que poden chegar a ser musealizados. Todas as mostras recuperadas, estudadas e correctamente embaladas, xunto cun inventario exhaustivo destas, deben de ser depositadas no museo, para que queden á disposición de novos estudos e análises polos especialistas. Non obstante, determinadas pezas, polas súas características, poden ser individualizadas. En primeiro lugar estableceremos os criterios que deben de cumprir as mostras que poden ser incorporadas ao inventario de

materiais arqueolóxicos dunha intervención unha vez realizadas as análises arqueobotánicas:

- No caso do carbón e da madeira, incorporáranse ao inventario de materiais todos aqueles obxectos e estruturas completos (ou incluso fragmentados), residuos producidos polos traballos de carpintería etc. Podemos sinalar entre este tipo de restos:
 - Vasillas ou fragmentos de vasillas (olas, cuncas etc.)
 - Mangos, asas e astís
 - Estacas, postes, cuñas
 - Achas e labras
 - Pólas ou troncos con marcas de corte




Fig. 51. Exemplo de dous obxectos de madeira inventariables: dous fragmentos dunha cunca e un obxecto de función indeterminada.

- En canto ás sementes, o máis adecuado sería non incluílas no inventario a non ser que fosen ser musealizadas posteriormente.
- En canto ás fibras vexetais, incorporaríanse ao inventario tecidos, cestos ou recipientes confeccionados mediante estruturas de fibras vexetais, cordas e adivais etc.
- Obxectos de arxila nos que se conservan as impresións vexetais de estruturas vexetais relacionadas coa construción de paredes ou teitos.

Os criterios para a musealización deben de ser establecidos de acordo cos museos. No caso de pezas de madeira húmida ou saturada que precisen de tratamentos de conservación preventiva, debe de establecerse un diálogo entre o persoal encargado deste proceso e os técnicos de conservación do museo. Un caso problemático poderíamos atopalo nas madeiras húmidas ou saturadas de grandes dimensións. O tratamento de conservación deste tipo de pezas é un proceso custoso e de longa duración, e ambos os factores son fundamentais á hora de decidir sobre a posibilidade de musealización e os tratamentos de conservación destas pezas, xa que moitas veces os orzamentos dos que se dispoñen non permiten este tipo de tratamentos ou non existen instalacións adecuadas para a súa conservación a longo prazo. As alternativas que hai que considerar nestes casos poderían ser a realización de réplicas ou a almacenaxe semipermanente en cámaras frigoríficas.

5.2. Sistemas de embalaxe

O deseño e uso dun sistema de embalaxe axeitado axudará a preservar os materiais e a evitar a deterioración prematura dun obxecto. Poderíamos establecer catro formas diferentes de embalaxe para os materiais musealizables en función do tipo de materiais.

ORGÁNICOS MINERALIZADOS:

Utilizaríase unha bolsa de autopeche para cada obxecto, protexida con espuma de polietileno de 3-5 mm, no seu interior. Desta forma protexeranse de posibles rozaduras con outros obxectos e o obxecto quedará fixado dentro da bolsa. No caso de obxectos fráxiles, introduciríanse en contedores ríxidos e acolchados con espuma de polietileno co fin de evitar a fragmentación ante posibles vibracións. Cada caixa introducirase dentro dunha bolsa.

As bolsas colocaranse dentro dunha caixa hermética de plástico. Organizaranse as bolsas de tal maneira que sempre se atope unha capa de espuma entre obxecto e obxecto, co que se evitara calquera tipo de rozamento. Todos estes obxectos deberán ter unha etiqueta de Tyvek co número de rexistro, que irá colocada ao outro lado da espuma e mirando cara ao exterior, e é posible a súa lectura sen manipular o contido. Dentro da caixa deberá colocarse un saco con desecante (xel de sílice) que permitirá controlar a humidade relativa. No exterior deberá indicarse nunha etiqueta o contido desta, así como a data na que o desecante foi introducido.

FIBRAS E TECIDOS:

Este tipo de materiais, aínda despois de ser sometidos a tratamentos de conservación, seguen sendo moi fráxiles, polo que a súa embalaxe deberá ofrecer o soporte estrutural do que carece. As fibras ou tecidos, unha vez tratados e estabilizados, disporanse sobre un soporte ríxido dun material inerte. O obxecto pode ser fixado a este mediante unha capa de espuma cortada coa silueta do obxecto. Esta estrutura irá colocada dentro dunha bolsa de autopeche que conterá unha etiqueta de rexistro. As bolsas deberán introducirse nunha caixa ríxida sempre colocando as bolsas horizontalmente.

MATERIAIS DE GRANDES DIMENSIÓNS:

Consideramos neste grupo os materiais que non poden ser introducidos en caixas debido ao seu tamaño. As madeiras de grandes dimensións, unha vez tratadas, deberán de protexerse situándoas sobre un soporte ríxido. Entre o soporte e o obxecto deberá colocarse unha capa de plástico de burbullas ou espuma, desta forma quedará protexido, debe de ser cuberto cunha bolsa ou plástico. Recoméndase colocar unha capa exterior de Tyvek de grosor fino, xa que así quedará protexido do contacto directo coa luz e evítanse os depósitos de sucidade na superficie debido ás propiedades antiestáticas deste material.

MATERIAIS DE PEQUENAS DIMENSIÓNS:

Utilizarase unha bolsa de autopeche para cada obxecto, na que se colocará unha peza de espuma de polietileno de 3-5mm no seu interior. No caso de obxectos fráxiles, introduciranse en contedores ríxidos e acolchados con espuma de polietileno, co fin de evitar a fragmentación ante posibles vibracións. Cada caixa introducirase dentro dunha bolsa. As bolsas colocaranse dentro dunha caixa hermética de plástico. Organizaranse as bolsas de tal maneira que sempre se atope unha capa de espuma entre obxecto e obxecto, co que se evitará calquera tipo de rozamento. Todos estes obxectos deberán ter unha etiqueta de Tyvek co número de rexistro, que irá colocada ao outro lado da espuma e mirando cara ao exterior permitindo consultar os datos sen manipular o obxecto.

Os criterios básicos que debemos de ter sempre en conta antes de embalar un obxecto que vai ser des-embalado son os seguintes:

- Etiquetar sempre as embalaxes e indicar claramente o seu contido.
- Empregar sempre materiais inertes para a protección, a etiquetaxe, os contedores etc.
- Indicar, sempre que se considere oportuno, sistemas de manipulación das embalaxes e de como deben de ser desembalados os obxectos.

6

Información ofrecida pola arqueobotánica

A recollida e análise de restos arqueobotánicos permite obter información sobre a diversidade de plantas consumidas nun xacemento, o seu valor económico, os procesos de traballo que se atopan implicados na súa obtención e transformación, os modos de uso e consumo e, finalmente, ampliar o noso coñecemento sobre a sociedade que produciu estas evidencias arqueolóxicas (Buxó, Piqué, 2008). A análise dos carbóns recuperados en contextos arqueolóxicos proporciona información sobre o paleoambiente, a xestión do bosque, os usos da madeira, as técnicas de silvicultura e o aprovisionamento de combustible e madeira. A análise dos restos carpolóxicos permite obter datos sobre a explotación do medio, a agricultura, o consumo e procesado de alimentos de orixe vexetal. A continuación, veremos unha serie de exemplos de análises arqueobotánicas realizadas en xacementos arqueolóxicos de diferentes períodos e áreas xeográficas no noroeste da península.

Os datos paleoambientais que proporcionan os carbóns arqueolóxicos permiten obter unha visión de eido local da vexetación existente no contorno dos asentamentos e, aínda que só aparecerán representadas aquelas especies explotadas como combustible, madeira para a construción etc., se existe durante a escavación unha mostraxe sistemática e adecuada, a lista florística pode ser bastante completa. Os datos antracolóxicos permiten tamén complementar os datos obtidos a partir das análises palinolóxicas que ofrecen uns datos de carácter máis rexional e que

poden presentar certas limitacións, como o feito de que non estean representadas as especies entomófilas etc.

Existen zonas especialmente estudadas como a ría de Vigo, na que podemos observar as transformacións da paisaxe durante o I milenio a. n. e. a partir tanto das análises polínicas como das análises antracolóxicas realizadas nos xacementos castrexos de Punta do Muíño, Navás e Montealegre. As análises palinolóxicas realizadas apuntan a un descenso da cuberta arbórea cara ao 130 BC - 200 AD, iniciándose un perceptible impacto humano sobre o bosque seguido da aparición de pole de *Juglans* e *Castanea* (Desprat, Sánchez-Goñi, Loutre, 2003). As especies determinadas nesta análise son carballo (*Quercus* sp. caducifolio), abelaira (*Corylus avellana*), bidueiro (*Betula* sp.) e ameneiro (*Alnus* sp.), mentres que nas análises antracolóxicas se determinaron ademais *Quercus* de tipo perennifolio (*Quercus* sp. perennifolio), fabáceas tipo xesta/toxo (*Fabaceae*), *Maloideae* tipo espiño branco ou capudre, sobreira (*Quercus suber*), sanguíño (*Frangula alnus*), salgueiro/chopo (*Salix/Populus*) e loureiro (*Laurus nobilis*). A determinación de carbón de *Erica* sp. no xacemento de Montealegre indicaría a existencia dunha cuberta arbórea degradada na que medrarían estas especies pioneiras e heliófilas tras unha ocupación prolongada deste asentamento e cunha importante concentración de poboación neste.




Fig. 52. Comparación dos resultados antracoloxís entre varios xacementos castrexos da ría de Vigo (o taxon 8 correspóndese con *Quercus* sp. caducifolio).




Fig. 53. Tipos de formacións vexetais explotadas en diferentes xacementos do Noroeste da Península Ibérica.

A partir da antracoloxía abordamos tamén a xestión forestal destinada á obtención de combustibles, co fin de poder determinar que criterios condicionan a selección do combustible, que especies son as utilizadas de maneira máis recorrente e cal é o tipo de recolección de leña que se realiza. Para definir a xestión forestal e a recollida de leña, ademais das análises antracoloxís utilízanse tamén os datos obtidos a partir de estudos etnográficos e estudos sobre sociedades actuais dependentes da leña. En xeral, podemos sinalar como os principais criterios que determinan a recollida de leña son: a dispoñibilidade e abundancia, o tipo de aprovisionamento (leña verde, leña seca etc.), o rendemento enerxético (combustibles que producen brasas) e as características físico-químicas da madeira (producción de fume, presenza de resinas etc.). En xeral, podemos sinalar como no noroeste da península Ibérica existe unha explotación recorrente da madeira de carballo (*Quercus* sp. caducifolio) como combustible durante o I milenio a.n.e., unha madeira dura, resistente á combustión, que produce brasas e arde durante tempo etc.

A identificación durante a realización da análise de determinados aspectos dendrolóxicos permite obter datos sobre o proceso de combustión. A medición do grao de curvatura do anel (forte, medio ou feble) proporciónanos datos sobre o calibre da madeira obtida. No caso de fragmentos con curvatura forte que presentan madeira de tensión (anxiospermas) ou compresión (ximnospermas), estamos ante fragmentos de pequenas pólas; no caso de fragmentos con curvatura feble que presentan este tipo de alteracións, poderíamos estar ante árbores que medran sobre terreos moi inclinados (Fischesser, 2000; Schweingruber, 2007).





Fig. 54. Madeiras de compresión no plano lonxitudinal radial dun fragmento de carbón de *Pinus sylvestris*.





Fig. 55. Fragmentos de carbón con fendas radiais.

A presenza de fendas radiais é unha alteración habitual nos fragmentos carbonizados, especialmente en especies con raios moi anchos, como é o caso do carballo (*Quercus* sp. caducifolio) que se producen durante a combustión. Poden aparecer outro tipo de fendas, como os cracks radiais ou tanxenciais recheos de tecido caloso, causadas por tensións extremas no xilema como as provocadas polas fortes xeadas (Schweingruber, Börner, Schulze, 2008).

A vitrificación dos tecidos da madeira é un proceso que se produce durante a combustión, provoca

a fusión dos diferentes compoñentes anatómicos e homoxeneiza a estrutura, de maneira que, cando o proceso de vitrificación é moi acentuado, non permite a identificación do fragmento (Marguerie, Hunot, 2007). A vitrificación adoita ir asociada ás fendas radiais e afecta máis os pequenos fragmentos de madeira como as pólas. As causas concretas da aparición de vitrificación nos carbóns non está clara, unha das posibilidades que se apunta é que, despois da combustión, se produza un arrefriamento rápido en condicións anaerobias ou debido á cristalización de elementos químicos na estrutura do xilema (Blaizot *et alii*, 2004).





Fig. 56. Fragmentos de carbón arqueolóxicos con vitrificación dos tecidos.





Fig. 57. Detalles dunha cicatriz nun fragmento de carbón.

Existen tamén anomalías de crecemento que podemos documentar durante a realización das análises antracolóxicas, como poden ser a presenza de cicatrices, canles resiníferas traumáticas, compartimentalización etc. A súa interpretación é moi difícil, debido a que traballamos só con pequenos fragmentos, aínda que, de maneira xeral, a presenza deste tipo de alteracións responde á existencia de sucesos traumáticos (incendios, aludes, xeadas), enfermidades etc.

Outro aspecto dendrolóxico interesante que podemos observar nos fragmentos de carbón son as evidencias de poda, cando os aneis da árbore medran moi próximos uns aos outros, sen apenas transición entre o tronco novo e o tronco final. Este tipo de prácticas asóciase ao abastecemento de ramaxe para o gando, para obter pólas dun determinado calibre para confeccionar estruturas ou elementos de cestería etc.





Fig. 58. Fragmentos de carballo (*Quercus* sp. caducifolia) arriba cunha distancia normal entre aneis anuais e á abaixo cunha distancia mínima entre aneis, unha alteración que podería estar provocada polas prácticas de poda.

As prácticas de poda tamén poden ser estudadas a partir das pegadas sobre arxila, na que quedan marcadas as evidencias das pólas utilizadas para as estruturas vexetais relacionadas coa construción en terra. Durante o estudo de Punta do Muíño durante a limpeza dun dos fragmentos de arxila con pegadas, recuperamos do interior dunha delas un fragmento de abeleira (*Corylus avellana*). No xacemento de Castrovite, grazas á preservación de numerosos fragmentos de abeleira (*Corylus avellana*) pola existencia dun incendio no asentamento, podemos estudar este tipo de prácticas: medindo os diámetros das pegadas, medindo o calibre das pólas e contando o número de aneis sabemos cada cantos anos se podaba a árbore.



Fig. 59. Castro de Punta do Muíño (Vigo, Pontevedra), impresións de póla da que se extraeron carbóns de abeleira (*Corylus avellana*).

Os datos sobre traballo da madeira proceden de evidencias indirectas, como poden ser as ferramentas (machados, serras, gubias etc.) ou elementos asociados á construción (cravos), ocasionalmente podemos localizar nos xacementos fragmentos ou pezas completas de madeira carbonizada ou de madeira saturada de auga de obxectos rematados ou con sinais de traballo, elementos construtivos etc. No xacemento de Castrolandín, nun dos espazos entre construcións, localizáronse varios obxectos confeccionados en madeira e restos de carpintería como pequenas cuñas e estelas de madeira.



Fig. 60. Castro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra), obxectos de madeira carbonizados: cuña, e fragmentos dun recipiente de madeira.

Nas saíñas romanas da rúa de Rosalía de Castro en Vigo recuperáronse todo tipo de estruturas e obxectos de madeira relacionados con diferentes actividades. Nas mostras recuperadas nas estacadas de madeira, construídas con postes aliñados que delimitaban diferentes estanques, as mostras analizadas de maneira preliminar (o 40% das recollidas) sinalan que a utilización dunha única especie: o carballo (*Quercus* sp. *caducifolio*), cunha madeira dura e resistente á putrefacción, incluso en condicións de humidade. Na maior parte dos casos, os troncos utilizáronse completos, aínda que despois de ser descortizados; noutras ocasións utilizáronse os troncos descortizados e seccionados á metade. No único caso no que puidemos estudar o tipo de preparación da punta do poste, puidemos observar como a punta era aguzada cunha machada co fin de facilitar a súa penetración na terra.

Os obxectos recuperados estaban relacionados con actividades pesqueiras (cortizos e pesos de redes), con actividades de almacenaxe (tapóns), con estruturas ou construcións (cuñas, cravos de madeira, pezas para ensamblar, estacas), probablemente relacionadas co procesado do sal (espátulas) e outros obxectos con funcións por determinar. Os cortizos e algúns dos tapóns foron confeccionados con cortiza de sobreira (*Quercus suber*) ou madeira de aciñeira (*Quercus* sp. *perennifolio*). Os obxectos relacionados con estruturas ou construcións foron elaborados maioritariamente con madeira de carballo (*Quercus* sp. *caducifolio*), aínda que tamén se atopan representada a madeira de castiñeiro (*Castanea sativa*), de ameneiro (*Alnus* sp.) e piñeiro (*Pinus sylvestris*, *Pinus pinea/pinaster*).



Fig. 61. Saíñas do Areal (Vigo, Pontevedra), detalle dun dos postes recuperados.



Fig. 62. Saíñas do Areal (Vigo, Pontevedra), pezas relacionadas coa construción en madeira: ensamblaxes e cravos.

No xacemento romano de Caldas de Reis, baixo un derrubamento de tella, localizouse unha viga que se conservou debido ás condicións de humidade do solo. Esta peza ofrece información sobre a construción en Galicia durante a época romana. A viga foi confeccionada a partir dun tronco de cf. *Quercus* sp., ao que se lle extraeron os costeiros de maneira groseira, xa que en parte da peza conservaba a cortiza, e realizáronse pequenos rebaixes sobre os que asentar os traveseros.

Para un momento posterior no xacemento medieval de Bordel, localizouse no interior dun silo unha tapadeira de madeira de castiñeiro (*Castanea* sp.). O castiñeiro ten unha madeira dura, pesada e elástica que se pode utilizar no exterior, é moi duradeira e resiste a acción dos insectos xilófagos.

A carpoloxía ofrece información sobre as plantas que o ser humano empregaba, manipulaba ou consumía e chegaron a nós. Non obstante, estes restos son precisamente aqueles que, por diversos motivos, non foron ou non chegaron a ser consumidos ou ben foron esquecidos ou rexeitados. Esta esfera sobre o consumo e o uso de determinadas plantas pode ser completada a través da análise de microrrestos. A presenza de microrrestos tales como fitólitos, amidos e lípidos, nos diversos obxectos arqueolóxicos poden introducirnos sobre a esfera de uso, consumo e formas de consumo de plantas (non só dos vexetais, tamén de produtos animais ou mariños), que a través do estudo dos carporrestos non é posible ou resulta difícil de coñecer.




Fig. 63. Caldas de Reis (Pontevedra), viga de madeira, a zona en cor marrón indica os lugares nos que aínda conservaba a cortiza.



Fig. 64. Bordel (Padrón, A Coruña), tapadeira de castiñeiro (*Castanea sativa*) localizada no interior dun silo (fotografía: Víctor Rúa).

A carpoxía ofrece información sobre as plantas que o ser humano empregaba, manipulaba ou consumía e chegaron a nós. Non obstante, estes restos son precisamente aqueles que, por diversos motivos, non foron ou non chegaron a ser consumidos ou ben foron esquecidos ou rexeitados. Esta esfera sobre o consumo e o uso de determinadas plantas pode ser completada a través da análise de microrrestos. A presenza de microrrestos tales como fitólitos, amidos e lípidos, nos diversos obxectos arqueolóxicos poden introducirnos sobre a esfera de uso, consumo e formas de consumo de plantas (non só dos vexetais, tamén de produtos animais ou mariños), que a través do estudo dos carporrestos non é posible ou resulta difícil de coñecer.

A carpoxía ofrece datos para a reconstrución da vida diaria das comunidades e da xestión dos espazos. Deste modo, a través da bioloxía das plantas, podemos establecer calendarios de traballos agrarios atendendo á época de maduración dos cultivos e das plantas que acompañan estes cultivos e ver as necesidades para o desenvolvemento destas especies, condicións de solo, pendentes, clima, humidade. etc. podendo aproximar-nos a este tipo de espazos antrópicos.

7

Glosario

Anxiospermas: plantas vasculares, con xilema e floema distintivos, teñen flores verdadeiras e as súas sementes están contidas nun froito.

Coníferas: son árbores ou arbustos caracterizados por portar estruturas reprodutivas denominadas conos. A maior parte das coníferas son árbores de porte monopódico, a miúdo cunha copa cónica, pero tamén hai arbustos e matas rastreiras. Son as especies dominantes nos climas fríos das latitudes altas e das montañas de latitudes medias e incluso tropicais.

Entomofauna: fauna formada por insectos, neste caso os que máis afectan a madeira son os insectos xilófagos.

Entomofilia: Polinización das flores levada a cabo polos insectos. Os grans de pole deste tipo de flores son máis grandes ca os de flores anemófilas polinizadas polo vento. Os grans de pole adhírense ao corpo do insecto en lugar de dispersalos o vento.

Frondosas: son plantas arbóreas que non producen conos ou piñas e que se inclúen dentro das anxiospermas. Normalmente posúen follas amplas e ramificación non monopódica.

Heteróxila: madeira formada por elementos heteroxéneos como os vasos que teñen a función de conducción, as fibras, a de sostén, as células parenquimáticas, os raios etc. É a madeira das anxiospermas ou frondosas.

Homóxila: madeira formada por elementos homoxéneos, traqueidas, que exercen a función de sostén e transporte de nutrientes, e os raios. É a madeira das ximnospermas ou coníferas.

Taxon: grupo de organismos emparentados.

Ximnospermas: son plantas vasculares, leñosas, e produtoras de sementes non contidas nun froito. As coníferas inclúense dentro deste grupo de plantas.

8

Datos de interese

Datos de contacto cos autores

María Martín Seijo

Dep. Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Tfno.: 980 563 100 ext. 12569

Andrés Teira Brión

Dep. Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Tfno.: 980 563 100 ext. 12569

Israel Picón Platas

Dep. Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Tfno.: 980 563 100 ext. 12569

Ignacio García González

Dep. de Botánica

Universidade de Santiago de Compostela

ignacio.garcia@usc.es

Aldara Rico Rey

Arch-Tech Ltd.

aldara@arch-tech.ie

Emilio Abad Vidal

CESGA

eav@cesga.es

Datos de contacto coa Administración

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Servizo de Arqueoloxía

Tfno.: 981 546 592

arqueoloxia@xunta.es

9

Para saber máis

Para profundar sobre a recollida de mostras existe unha síntese moi recomendable de varios autores, dirixida por Ramón Buxó e Raquel Piqué, *La recogida de muestras en arqueobotánica: objetivos y propuestas metodológicas*. Non obstante, na bibliografía recóllense varias obras xerais nas que se poden ver exemplos de metodoloxías e técnicas empregadas.

Como obras de carácter xeral para a península Ibérica, podemos citar dúas, *Arqueología de las plantas* de Ramón Buxó e, así mesmo, este autor e Raquel Piqué publicaron recentemente (2008) *Arqueobotánica. Los usos de las plantas en la Península Ibérica*. Para a identificación de carporrestos e madeiras arqueolóxicas empréganse varios manuais ou guías de identificación que aparecen a continuación na bibliografía.

En Internet existen varias páxinas que poden servir de consulta:

- Páxina web para a identificación de especies europeas como a do Swiss Federal Institute for Forest, Snow and Landscape Research:
<http://www.wsl.ch/land/products/dendro/>
- Recursos en liña para dendrocronoloxía, como:
<http://web.utk.edu/~grissino/>
- Publicacións en liña sobre arqueobotánica, como o número 15 (1) do ano 2006 da revista Ecosistemas:
<http://www.revistaecosistemas.net/>
ou a páxina da Basel University con publicacións en pdf sobre este tipo de estudos:
<http://pages.unibas.ch/arch/archbot/address/jacommet.htm#Publikationen>
- Manual con instrucións para a conservación de madeiras húmidas e anegadas:
<http://nautarch.tamu.edu/class/anth605/File0.htm>
- Rexistro en campo de datos espaciais:
http://www.boe.es/t/es/bases_datos/doc.php?coleccion=iberlex&id=2007/15822&xtlen=1000
<http://www.epsg.org/>
<http://www.epsg.org/Geodetic.html>

ALLUÉ, E. 2005 “Análisis antracológico. Una disciplina arqueobotánica para el conocimiento del paisaje vegetal y la explotación de los recursos forestales”, *I Congreso de Analíticas aplicadas a la Arqueología*, pp.193-216

BADAL, E.; GUTIÉRREZ, C.; CABRERA, A.; CORTÉS, M.; SIMÓN, M.D.; PARDO, A.I.; SÁNCHEZ, A.; GÓMEZ, M.J. 2007 “Evidencias de materias orgánicas en instrumentos metálicos del Calcolítico y Edad del Bronce andaluces”, *VI Congreso Ibérico de Arqueometría*, Girona, pp. 229-239

BAILLIE, M.G.L.; PILCHER, J.R. 1995 “A simple cross-dating program for tree-ring research”, *Tree-Ring Bulletin*, 33, pp. 7-14.

BLAIZOT, F.; FABRE, L.; WATTEZ, J.; VITAL, J.; COMBES, P. 2004 “Un système énigmatique de combustion au Bronze moyen sur le plateau d'Espalem (canton de Blesle, Haute-Loire)”, *Bulletin de la Société Préhistorique Française*, t. 101, nº2, pp. 325-344

BONNIER, G.; DE LAYENS, G. 1999 *Claves para la determinación de plantas vasculares*, Ed. Omega, Barcelona, 411 pp.

BROWN, D.M.; MUNRO, M.A.R.; BAILLIE, M.G.L.; PILCHER, J.R. 1986 “Dendrochronology-The absolute Irish standard”, *Radiocarbon*, 28, pp. 279-283.

BUXÓ, R.

1990 “Metodología y técnicas para la recuperación de restos vegetales (en especial referencia a semillas y frutos) en yacimientos arqueológicos”, *Cahier noir* 5, Girona.

1997 *Arqueología de las plantas*. Editorial Crítica, Barcelona, 366 pp.

BUXÓ, R.; PIQUÉ, R. (dir.)

2003 *La recogida de muestras en arqueobotánica: objetivos y propuestas metodológicas*. Museu d'Arqueologia de Catalunya, Barcelona, 71 pp.

2008 *Arqueobotánica. Los usos de las plantas en la península Ibérica*, Ed. Ariel, Barcelona, 268 pp.

CABRERA, C. 2008 *Conservación de Maderas Arqueológicas*, Conferencia no marco do Curso do MARQ: Maderas y fibras vegetales arqueológicas. Principios y técnicas para su identificación y conservación, Alacante.

CARAMIELLO, R.; AROBBA, D. (ed.) 2003 *Manuale di archeobotanica. Metodiche di recupero e studio*, Ed. Franco Angeli, Milano, 220 pp.

CARRIÓN, Y. 2005 *La vegetación mediterránea y atlántica de la Península Ibérica. Nuevas secuencias antracológicas*, Dip. Provincial de Alicante, n.º14, Alacante, 314 pp.

- DESPRAT, S.; SÁNCHEZ-GOÑI, M.F.; LOUTRE, M.-F. 2003 "Revealing climatic variability of the last three millennia in northwestern Iberia using pollen influx data", *Earth and Planetary Science Letters*, 213, pp. 63-78
- DOWMAN, E. 1970 *Conservation in Field Archaeology*, Methnen and Co., London, 170 pp.
- EARWOOD, C. 1993 *Domestic Wooden Artefacts in Britain and Ireland from Neolithic to Viking Times*, University of Exeter Press, Exeter, 300 pp.
- FISCHESSER, B. 2000 *El árbol*. Ed. El Drac, Madrid, 349 pp.
- FRIEDRICH, M.; REMMELE, S.; KROMER, B.; HOFMANN, J.; SPURK, M.; FELIX, K.K.; ORCEL, C.; KÜPPERS, M. 2004 "The 12,460 year Hohenheim oak and pine tree-ring chronology from Central Europe – a unique annual record for radiocarbon calibration and palaeoenvironmental reconstruction", *Radiocarbon*, 46, pp. 1111-1122.
- GARCÍA, L.; GUINDEO, A.; PERAZA, C.; DE PALACIOS, P. 2003 *La madera y su anatomía. Anomalías y defectos, estructura microscópica de coníferas y frondosas, identificación de maderas, descripción de especies y pared celular*, Ed. Mundi-Prensa, 327 pp.
- GARCÍA, M.S.; GRAU, E. 2008 "El papel del arqueólogo en la recuperación de macrorrestos vegetales. Propuesta de muestreo", *Revista Arqueomurcia* [publicación electrónica], n.º 3, 25 pp.
- GILLARD, R.D.; HARDMAN, S.M.; THOMAS, R.G.; WATKINSON, D.E. 1994 "The mineralization of fibres in burial environments". *Studies in Conservation* 39, pp. 132-140
- HANECA, K.; ČUFAR, K.; BEECKMAN, H. 2009 "Oaks, tree-rings and wooden cultural heritage: a review of the main characteristics and applications of oak dendrochronology in Europe", *Journal of Archaeological Science*, 36, pp. 1-11.
- HATHER, J.G. 2000 *The identification of the Northern European Woods. A guide for archaeologists and conservators*, Archetype, London, 187 pp.
- KAENNEL, M.; SCHWEINGRUBER, F.H. 1995 *Multilingual Glossary of Dendrochronology. Terms and definitions in English, German, French, Spanish, Italian, Portuguese and Russian*. Eidgenössische Forschungsanstalt für Land, Schnee und Landschaft. Birmensdorf.
- LÓPEZ DE CALLE, C.; IRIARTE, M.J.; ZAPATA, L. 2001 "Análisis paleoambientales en el Dolmen de Collado de Mallo (Trevijano, La Rioja). Viabilidad y trabas de la paleoecología vegetal en estructuras dolménicas", *Zubía Monográfico*, 13, pp. 65-96
- MACÍA, M.J. 2006 "Las plantas de fibra", *Botánica Económica de los Andes Centrales*, Universidad Mayor de San Andrés, La Paz, pp. 370-384
- MALDONADO, L.; RIVERA, D. 2005 "El entramado de madera como arquetipo constructivo: de la arquitectura tradicional a los sistemas modernos", *Actas del IV Congreso Nacional de Historia de la Construcción*, Instituto Juan de Herrera, Madrid, 20 pp.
- MARCHESINI, M.; AROBBA, D. 2003 "Analisi di legni e carboni nei siti archeologici", in CARAMIELLO, R.; AROBBA, D. (coord.) *Manuale di archeobotanica. Metodiche di recupero e studio*, Ed. Franco Angeli, Milán, pp. 115-146.
- MARGUERIE, D.; HUNOT, J.-Y. 2007 "Charcoal analysis and dendrology: data from archaeological sites in north-western France", *Journal of Archaeological Science*, 34, pp. 1417-1433.
- MARTÍN SEIJO, M. 2006 "A xestión dos recursos leñosos no castro de Montealegre", in ABOAL, R.; CASTRO, V. (coord.) *O Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra)*, Ed. Toxos Outos, Noia, pp. 301-322.
- 2007 "Estudo dos carbóns arqueolóxicos do xacemento dos Remedios", Monte dos Remedios

- (Moaña, Pontevedra). Un asentamiento de la prehistoria reciente, Tórculo Edicións, Santiago, pp. 107-114
- 2008a “Escavación e consolidación no castro de Navás, Priegue, Nigrán (Pontevedra)”, *Actuacións Arqueolóxicas: ano 2006*, Ed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, p. 57.
- 2008b “Estudo de carbóns e madeiras: paleoambiente, xestión forestal explotación de combustibles”, Ayán, X.M. (coord.) *Os Castros de Neixón II*, Ed. ToxosOutos, Noia, pp. 249-267.
- e.p. “Os combustibles e as manufacturas en madeira durante a Idade do Ferro: estudo antracolóxico do xacemento de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra)”
- MARTÍN SEIJO, M.; RICO REY, A. 2008 “Carbóns e madeiras en contextos arqueolóxicos: criterios para a recollida, rexistro e almacenaxe das mostras”, *Gallaecia*, 27, pp. 273-283.
- PEÑA-CHOCARRO, L.; ZAPATA, L. 1997 “Higos, ciruelas y nueces: aportación de la arqueobotánica al estudio del mundo romano”, *Isturitz*, 9, pp. 679-690.
- PIQUÉ, R. 1999 “Producción y uso del combustible vegetal: una evaluación arqueológica”, *Treballs d’Etnoarqueologia*, UAB, CSIC, Barcelona, 308 pp.
- PRIETO MARTÍNEZ, M. P.; JUAN I TRESSERRAS, J. MATAMALA J. C. 2003 The ceramic technological chain in the north-western Iberian Peninsula: a study of some of the functional features of pottery through the analysis of organic material. *Actas del 7th European Meeting on Ancient Ceramics* (27-31 octubre 2003, Lisboa), Série Monográfica del Instituto Português de Arqueologia.
- RENFREW, J.M. 1973 *Palaeoethnobotany: The prehistoric food plants of the Near East and Europe*, Columbia University Press: New York.
- ROINSON, N. 1998 *First Aids for Underwater Finds*, Archetype Publications Ltda, London
